INFORME ECONÓMICO – FINANCEIRO

ÍNDICE

I.SITUACIÓN ECONÓMICA 7
I.1. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA INTERNACIONAL..... 7
Estados Unidos..... 8
Xapón e Países Asiáticos 9
América Latina..... 10
Europa 11
Perspectivas 12
I.2. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA ESPAÑOLA..... 14
Actividade Económica 14
Mercado de Traballo..... 18
Prezos..... 19
Perspectivas 20
I.·3. ECONOMÍA GALEGA 21
3.1. Demanda 21
3.1.1. Sector exterior..... 21
3.1.2. Demanda interna. 23
3.2. Producción..... 29
3.2.1. Sector primario..... 30
3.2.2. Sector industrial 31
3.2.3. Construcción..... 32
3.2.4. Servicios 34
3.3. Mercado de traballo 36
3.4. Salarios e Prezos..... 40
3.5 Resume e Perspectivas..... 46
Resume..... 46
Perspectivas 51
II. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA..... 56
II.1. MERCADOS MONETARIOS E DE DÉBEDA..... 56
II.2. MERCADOS BURSÁTILES..... 62
II.3. MERCADOS CAMBIARIOS 64
II.4. AGREGADOS MONETARIOS 65

III. O ORZAMENTO DO 2004: ESTRATEXIA E OBXECTIVOS BÁSICOS 70

III.1. O MARCO SOCIOECONÓMICO DE PARTIDA 70

1. Unha década de modernización 71
2. A creación de emprego 72

III.2. UNHA NOVA POLÍTICA ECONÓMICA 73

1. Aproveitar a conxuntura actual 73
2. Dinamizar a economía productiva 75
3. Mellorar a competitividade 77
4. Potenciar o turismo 78

III.3. OS OBXECTIVOS DO ORZAMENTO DE 2004 79

1. Investimentos productivos 79
2. Manter o proceso de converxencia 80
3. Incrementar o emprego 80
4. As políticas sociais 81
5. O Ano Xacobeo 81

III.4 A ESTRATEXIA ORZAMENTARIA 82

III.5. EVOLUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS 84

IV. O CADRO MACROECONÓMICO DOS ORZAMENTOS 89

ÍNDICE DE TÁBOAS

Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB. 12
Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB 13
Contabilidade Trimestral de España 15
Previsións macroeconómicas (2003-2004). 20
Contabilidade Trimestral de Galicia 29
Mercado deTraballo 38
Taxas de variación interanual 38
IPC. Taxas de Variación Interanuais sobre medias trimestrais 44
Previsións macroeconómicas (2003). 54
Indicadores monetarios e financeiros..... 57
Financiamento dos sectores non financeiros. 68
Orzamento consolidado 2004/2003 (*) 84
Aforro bruto 2004/2003 (*) 84
Gastos de capital (Capítulos VI e VII) 86
Conta orzamentaria 2004 87
Galicia. 2004 89

ÍNDICE DE GRÁFICOS

PIB PREZOS CONSTANTES. EEUU-XAPÓN-UE 7
PIB PREZOS CONSTANTES.UE- ESPAÑA 16
COMERCIO EXTERIOR. IMPORTACIÓNS -EXPORTACIÓNS 22
MATRICULACIÓN DE TURISMOS – RENDA SALARIAL 23
ÍNDICE DE VENDAS DO COMERCIO 25
LICITACIÓN OFICIAL 28
PIB E VEB 30
ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL 32
CONSTRUCCIÓN – CONSUMO CEMENTO 33
TRANSPORTE AEREO- TRANSPORTE MARÍTIMO 35
VARIACIÓNS INTERANUAIS- PARADOS-OCUPADOS 39
IPC. SUBXACENTE 41
IPC ALIMENTACIÓN – NON ALIMENTACIÓN 43
INCREMENTO SALARIAL – CUSTOS LABORAIS 45
TIPOS DE INTERVENCIÓN 58
CURVAS DEL MERCADO MONETARIO (3 MESES) 59
BONO-BUND-BOND 60
CURVA CUPÓN CERO 61
IBEX 35 62
TIPO DE CAMBIO: DOLAR/EURO 64
DIFERENCIAL CRÉDITOS - DEPÓSITOS 65
TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL. CRÉDITOS E DEPÓSITOS 66
CRÉDITOS E DEPÓSITOS 67

SITUACIÓN ECONÓMICA

I.SITUACIÓN ECONÓMICA

I.1. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA INTERNACIONAL

A melloría que experimentaron as perspectivas económicas, anticipada polo repunte dos mercados de valores e ratificada polos principais organismos internacionais, constitúe a característica máis relevante da evolución da economía internacional nos meses recentes. Aínda que persisten as incertezas xeopolíticas, que contribuíron a manter os prezos do petróleo en niveis relativamente altos, a recuperación da economía internacional estase consolidando gradualmente, impulsada polas favorables condicións financeiras e polas medidas de estímulo fiscal adoptadas por algúns países. Non obstante, a evolución recente das principais economías está sendo moi desigual, contrastando a maior fortaleza da recuperación das economías norteamericana e xaponesa, aínda que ambas non estean exentas de dúbidas, coa notoria debilidade que durante o período que comentamos mostrou a economía europea.

PIB PREZOS CONSTANTES. EEUU-XAPÓN-UE



Estados Unidos

En termos da taxa intertrimestral anualizada, o PIB da economía norteamericana creceu un 3,1%, ritmo que case triplica o alcanzado no trimestre precedente e eleva o crecemento interanual dende o 2% ata o 2,5%. O novo impulso que experimentou o crecemento económico en Estados Unidos provén sobre todo da demanda interna, cunha taxa de crecemento intertrimestral anualizada se situou no segundo trimestre no 4,2%. Os factores que están actuando como motores da recuperación son fundamentalmente os seguintes: En primeiro lugar, os baixos tipos de xuro, que no último ano e medio descenderon ata niveis excepcionalmente baixos e que están contribuíndo a soster o investimento en vivenda e a demanda de consumo tanto polo seu impacto favorable sobre o custe dos préstamos como pola súa incidencia sobre a renda dispoñible a través das operacións de refinanciamento; a Reserva Federal reiterou o seu propósito de manter no seu actual nivel do 1% o tipo de xuro de intervención durante todo o tempo que sexa necesario, o cal supón unha garantía para a recuperación económica. En segundo lugar, o incremento do gasto público, intensificado polo custe da guerra e da reconstrucción de Iraq, e as fortes rebaixas de impostos, que tamén están exercendo un efecto estimulante sobre o consumo privado. En terceiro lugar, a depreciación do dólar, a cotización deste con respecto ó euro está situada en niveis un 20% inferiores ós do ano 2001. Todos estes factores están xogando a favor da recuperación, aínda que o forte déficit exterior, o elevado endebedamento das familias, e o crecente déficit público motivado polas medidas antes citadas seguen actuando como factores de risco que deben ser tidos en conta.

Xapón e Países Asiáticos

A recuperación que está rexistrando a economía xaponesa constitúe un dos aspectos máis novedosos da actual conxuntura internacional. En termos da taxa intertrimestral anualizada, o PIB de a economía xaponesa creceu un 3,9% no segundo trimestre, o que sitúa no 3% o crecemento interanual correspondente a este período. Apoiada por unhas condicións financeiras que continúan sendo fortemente expansivas - o tipo de xuro de intervención continúa situado no 0,1% - a demanda interna continúa a traxectoria de recuperación iniciada a mediados do ano pasado, ó que se está engadindo unha evolución máis favorable das exportacións a medida que se van superando definitivamente os efectos negativos da pneumonía atípica nos mercados da zona. Non obstante, é de notar que o perigo de deflación non desapareceu aínda, xa que tanto o deflactor do PIB como o índice de prezos de consumo continúan rexistrando crecementos negativos.

Polo que se refire ós mercados emerxentes asiáticos, destaca sobre todo o forte ritmo de expansión que mantén a economía china, onde o PIB creceu a unha taxa interanual do 6,7% no segundo trimestre. As restantes economías do sueste asiático evolucionan de xeito máis heteroxéneo, xa que o forte crecemento que no segundo trimestre rexistrou o PIB en Indonesia, Malaisia e Tailandia contrasta co crecemento moderado de Corea do Sur ou cas caídas do mesmo Hong Kong, Taiwan, e, sobre todo, Singapur.

América Latina

A evolución económica en América Latina continuou caracterizándose pola favorable evolución dos mercados financeiros e pola diminución das tensións inflacionistas, que permitiron que as políticas monetarias adquirisen un ton máis expansivo. Non obstante, as diferencias no ritmo de crecemento das distintas economías son moi notables, e polo que se refire á evolución do PIB no segundo trimestre contrasta o seu forte descenso en Venezuela, o seu descenso en Brasil, e o seu modesto crecemento en México co seu ton máis expansivo en Colombia, Chile, Perú e, sobre todo, Arxentina, onde o seu crecemento superou o 5%.

Europa

Polo que se refire á economía da área do euro, a debilidade foi a tónica dominante da súa evolución recente, como consecuencia da caída que experimentou o nivel de actividade nas súas principais economías. Alemania, Italia e Holanda entraron en recesión técnica no segundo trimestre, e Francia rexistrou tamén un crecemento negativo neste período. En termos da taxa intertrimestral anualizada, o PIB de Alemania descendeu por terceiro trimestre consecutivo, e a taxa interanual situouse así mesmo no –0,2%; o descenso reflicte en gran parte o impacto negativo da apreciación do euro sobre as exportacións alemanas, xa que a demanda interna mostrou síntomas relativamente claros de recuperación. En Francia, a caída do PIB en taxa anual foi do –1,3% no segundo trimestre, que se corresponde cun crecemento nulo da súa taxa interanual durante o período que comentamos; no caso francés, a demanda interna tivo tamén un débil comportamento no segundo trimestre, que rompe o repunte que rexistrara a mesma no primeiro. En ambos casos, a caída do nivel de actividade foi acompañada dun deterioro das finanzas públicas, de forma que os déficits públicos de Alemania e Francia superan nestes momentos o nivel do 3% do PIB fixado como límite máximo nos Pactos de Estabilidade. En conxunto, o PIB da área do euro caeu un –0,3% en taxa anual no segundo trimestre, polo que o crecemento interanual do mesmo quedou situado nun modesto 0,2%.

A pesar do ton de debilidade que mostrou a actividade económica na UM durante o segundo trimestre, os indicadores de confianza da zona continuaron mellorando nos últimos meses, o cal induciu ó BCE a manter os tipos de xuro no nivel do 2% no que se encontra situado dende o pasado mes de xuño. O diferencial de tipos de xuro, xunto co novo aumento do déficit corrente de Estados Unidos, contribuíu a fortalecer a cotización do euro con respecto ó dólar, que experimentou un repunte alcista nas últimas semanas.

Perspectivas

Como é habitual, os organismos internacionais comezaron a facer públicas as súas previsións de crecemento para os principais países e áreas económicas para este ano e o próximo. No momento en que se conclúe este informe coñécense as do FMI, quen estima que a economía mundial crecerá un 3,2% este ano e un 4,1% no próximo. Segundo o Fondo, a economía norteamericana situarase á cabeza da recuperación económica, cun crecemento do PIB que repuntará en 2004 ata o 3,9% dende o 2,6% que se estima crecerá este ano. Polo que se refire á zona euro, o crecemento estimado do PIB en 2003 é o 0,5%, e a previsión de crecemento para 2004 é do 1,9%.

Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB.

Escenario economía internacional.
(% crecemento anual).

	2002			2003			2004		
	CE	OCDE	FMI	CE	OCDE	FMI	CE	OCDE	FMI
	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03
UE	1,1	1,0	0,8	1,3	1,2	1,4	2,4	2,4	2,1
Zona Euro	0.9	0,9	0,9	1,0	1,0	0,5	2,3	2,4	1,9
EE UU	2,4	2,4	2,4	2,4	2,5	2,6	2,5	4,0	3,9
Xapón	0,3	0,3	0,2	1,5	1,0	2,0	1,3	1,1	1,4

Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB

Escenario para Europa
(% crecemento anual)

	2002			2003			2004		
	CE	OCDE	FMI	CE	OCDE	FMI	CE	OCDE	FMI
	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03	Abr. 03	Xun. 03	Set. 03
Bélxica	0,7	0,7	0,7	1,2	1,3	0,8	2,3	2,3	1,9
Dinamarca	1,6	1,6	2,1	1,5	1,6	1,2	2,2	2,6	1,8
Alemania	0,2	0,2	0,2	0,4	0,3	-	2,0	1,7	1,5
Grecia	4,0	4,0	4,0	3,6	3,6	4,0	3,8	3,9	3,9
España	2,0	2,0	2,0	2,0	2,1	2,2	3,0	3,1	2,8
Francia	1,2	1,2	1,2	1,1	1,2	0,5	2,3	2,6	2,0
Irlanda	6,0	6,0	6,9	3,3	3,2	1,0	4,5	4,2	3,8
Italia	0,4	0,4	0,4	1,0	1,0	0,4	2,1	2,4	1,7
Luxemburgo	0,4	0,5	0,5	1,1	0,3	1,5	2,7	2,7	4,0
Holanda	0,3	0,3	0,2	0,5	0,7	-0,5	1,7	1,9	1,4
Austria	1,0	1,0	1,0	1,2	1,1	0,7	2,0	2,0	1,5
Portugal	0,5	0,5	0,4	0,5	0,3	-0,8	2,0	2,3	1,6
Finlandia	1,6	1,6	1,6	1,2	2,2	1,3	2,9	3,4	2,6
Suecia	1,9	1,9	1,9	0,5	1,5	1,4	2,7	2,8	2,0
Reino Unido	1,8	1,8	1,9	2,2	2,1	1,7	2,6	2,6	2,4

I.2. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA ESPAÑOLA

Actividade Económica

A nova aceleración que experimentou o crecemento económico, a pesar da debilidade da economía europea e da fase recesiva pola que atravesan algunhas das súas principais economías, constitúe o aspecto máis relevante da evolución da economía española no segundo trimestre, que se caracterizou tamén por unha alta creación de emprego e por unha apreciable diminución das tensións inflacionistas. A configurar esta evolución contribuíu sen dúbida a política de consolidación orzamentaria implantada polo goberno, que se superpón ó impacto expansivo duns tipos de xuro que dende a perspectiva histórica europea, e moi especialmente dende a perspectiva histórica española, se situaron en niveis extraordinariamente baixos.

En termos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, o PIB da economía española creceu a unha taxa interanual do 2,3% no segundo trimestre, cifra que supera nunha décima á alcanzada no primeiro e que parece estar marcando o inicio dunha nova fase de expansión económica.

Contabilidade Trimestral de España

Prezos Constantes (Base 1995)
Taxas de Crecemento Interanual da Ciclotendencia

	España							
		2001	2002				2003	
	2002	4º	1º	2º	3º	4º	1º	2º
VEB A PREZOS BÁSICOS								
Agricultura e Pesca	1.0	3,4	5,4	2,9	-1,3	-2,8	-1,5	0,2
Industria	0.6	1,2	0,3	0,1	0,6	1,5	2,1	2,3
Construcción	4.8	5,4	5,3	5,0	4,6	4,3	3,9	3,8
Servicios	2.2	2,9	2,6	2,2	2,0	1,9	2,0	2,4
(Total non agrario)	2.0	2,7	2,3	2,0	1,9	2,0	2,2	2,5
Total VEB pb	2.0	2,7	2,4	2,0	1,8	1,8	2,1	2,4
PIB A PREZOS DE MERCADO	2.0	2,6	2,3	2,0	1,9	2,0	2,2	2,5

Contrariamente ao sucedido no trimestre precedente, a lixeira aceleración que experimentou o crecemento económico estivo motivada pola mellora da demanda externa neta, cunha achega negativa que se reduce nunha décima permitindo un incremento equivalente no crecemento do PIB a pesar de que o crecemento da demanda interna se mantivo estabilizado no 3,3%.

PIB PREZOS CONSTANTES.UE- ESPAÑA



Dentro da demanda interna, tanto o gasto en consumo final dos fogares como a formación bruta de capital tiveron un comportamento máis expansivo que no trimestre precedente, mentres que o consumo final das administracións públicas experimentou polo contrario unha lixeira desaceleración. O gasto en consumo final dos fogares creceu a un ritmo do 3,2%, unha décima máis que no trimestre anterior; o bo comportamento do emprego, así como o aumento da renda real dispoñible das familias inducido tamén pola reducción da inflación, actuaron como factores impulsores do aumento do consumo privado, que se veu tamén favorecido polos baixos tipos de xuro, pola nova revalorización que experimentou a riqueza inmobiliaria, e por unhas expectativas algo máis favorables con respecto á evolución futura das cotizacións bursátiles. A formación bruta de capital fixo experimentou un crecemento do 3.4%, o que supón unha aceleración de tres décimas con respecto ó crecemento observado no trimestre precedente; a aceleración do ritmo de crecemento foi a característica dominante da evolución de tódolos compoñentes da formación bruta de capital fixo - bens de equipo, construcción e outros productos – aínda que foi o investimento en construcción, impulsado tanto

polo investimento privado en vivenda como polo investimento en obra civil, a que repuntou con máis forza. Pola súa parte, o gasto en consumo final das administracións públicas experimentou unha desaceleración de tres décimas, xa que o seu ritmo de crecemento, situado no 3,9% no primeiro trimestre, reduciuse ata o 3,6% no segundo.

Dentro do sector exterior, o máis destacable é a forte aceleración que rexistraron as exportacións de bens e servicios, nas que o ritmo de crecemento se intensificou en 2,7 puntos porcentuais ata quedar situado no 7,7%; este crecemento apoiouse sobre todo nun aumento das exportacións de bens que superou lixeiramente o 10%, pero tamén nun crecemento do 2,3% nas exportacións de servicios que contrasta cos descensos continuados que viñera rexistrando este compoñente da demanda externa ao longo dos cinco trimestres anteriores. Polo que se refire ás importacións, destaca así mesmo a aceleración - dende o 8,1% ata o 10,1% - que experimentou a súa taxa de crecemento, o cal non impediu, como anteriormente se sinalou, que a achega negativa do sector exterior se reducira nunha décima ó pasar dende –1,1 puntos a -1 punto.

Dende a perspectiva da oferta, o máis destacable é o feito de que se intensificara o ritmo de crecemento en tódolos sectores productivos: O VEB das ramas industriais e enerxéticas creceu un 2,5%, dúas décimas máis que no trimestre precedente; o VEB da construcción creceu un 4,1%, e a aceleración de catro décimas que experimentou o seu ritmo de crecemento foi a máis alta de tódolos sectores; o crecemento do VEB das ramas de servicios pasou do 2% ata o 2,3%, como consecuencia sobre todo do maior crecemento dos servicios de mercado pero tamén dos de non mercado; por último, o VEB das ramas agraria e pesqueira rexistrou un descenso do –0,9%, aínda que é de notar que dito descenso é considerablemente inferior ó rexistrado no trimestre precedente.

Mercado de Traballo

En consonancia coa lixeira intensificación que experimentou o ritmo de crecemento económico, o crecemento do emprego intensificouse tamén lixeiramente. En termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, o emprego creceu un 1,7% no segundo trimestre, mentres que a poboación ocupada da EPA rexistrou un crecemento do 2,6%. O crecemento do emprego foi en ambos casos superior ó do trimestre anterior, aínda que é en termos de a EPA onde se observa unha aceleración maior.

A remuneración de asalariados, cun crecemento interanual do 6,1% rexistra unha reducción no seu ritmo de avance de catro décimas con respecto ó primeiro trimestre, como consecuencia do descenso da remuneración media por asalariado. O Custo laboral unitario, por tanto, tamén se desacelera situándose no 3,1%, case un punto por debaixo do deflactor do PIB, mentres que a productividade se mantén nos valores rexistrados a comezos de ano.

Prezos

A diminución das tensións inflacionistas ponse de manifesto na favorable evolución do IPC, cuia taxa interanual de crecemento se reduciu substancialmente ó descender dende o 3,8% do primeiro trimestre ata o 2,9% do segundo. A inflación subxacente, ó quedar situada no 3,1%, só se reduciu unha décima, pero de todos modos o seu nivel é moi inferior ó de fai un ano. Este feito concorda coa evolución que experimentaron os custes laborais unitarios, cuio ritmo de crecemento se reduciu segundo o INE de forma significativa.

Perspectivas

O novo repunte que experimentou a economía española no segundo trimestre é congruente coas novas previsións de crecemento económico avanzadas polo Ministerio de economía tanto para este ano como para o próximo, na medida en que ratifican as expectativas de recuperación económica subxacentes en ditas previsións. Segundo o Ministerio de Economía, a recuperación do segundo semestre permitirá que a economía española creza un 2,3% este ano, mentres que para o año próximo, dentro dun contexto moito máis xeneralizado de recuperación económica internacional, se estima que o crecemento del PIB se sitúe no 3%.

Previsións macroeconómicas (2003-2004).

Taxas de variación anuais

	2002	2003	2004
GASTO EN CONSUMO FINAL DOS FOGARES RESIDENTES	1,9	2,8	3,1
GASTO EN CONSUMO FINAL DAS AA.PP.	3,8	3,2	2,9
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL	2,0	3,9	3,9
DEMANDA INTERNA	2,2	3,1	3,3
EXPORTACIÓNS	1,4	3,9	6,3
IMPORTACIÓNS	2,2	6,4	7,0
SALDO EXTERIOR (*)	-0,3	-0,9	-0,4
PIB A PREZOS DE MERCADO	2,0	2,3	3,0

Prezos constantes.
(*) Achegas ó crecemento do PIB.

I.·3. ECONOMÍA GALEGA

3.1. Demanda

A pesar da debilidade do entorno económico internacional, e coincidindo cunha lixeira diminución das tensións inflacionistas, a demanda global da economía galega mostrou un comportamento bastante entoado durante o primeiro trimestre de 2003, xa que a atonía do sector exterior foi amplamente contrarrestada pola recuperación que, tal como o reflicten os indicadores dispoñibles, experimentou a demanda interna. Como xa sucedera no trimestre precedente, a debilidade do sector exterior púxose de manifesto tanto no comercio exterior de bens como no turismo, mentres que, polo contrario, a mellora da demanda interna, circunscrita en trimestres anteriores ó consumo privado e ó investimento en construcción, comeza a notarse tamén, aínda que de forma polo de agora incipiente, no investimento en equipo.

3.1.1. Sector exterior.

En termos de euros correntes, as exportacións galegas ó resto do mundo rexistraron un descenso interanual do -3,8%, un descenso certamente inferior ó do trimestre precedente pero que pon de manifesto a difícil conxuntura exterior. Pola súa parte, as importacións procedentes do resto do mundo experimentaron un crecemento do 7,6%, o que contrasta tanto co descenso das exportacións como coa caída que rexistraran as importacións no trimestre precedente. Non obstante, a diverxencia observada nas taxas de crecemento das exportacións e as importacións non impediu que aumentara a taxa de cobertura, ata quedar situada no trimestre que comentamos no 100,3%.

Cando a evolución do comercio exterior se examina en termos de euros constantes, os resultados son cualitativamente similares, aínda que cuantitativamente parecen algo máis congruentes entre si. Neste caso, as

exportacións rexistran un descenso do -4,2% e o crecemento das importacións queda limitado ó 0,2%, mentres que a taxa de cobertura crece tamén lixeiramente ó pasar desde o 67% ata o 68,1%. Desde esta perspectiva, a evolución do comercio exterior de bens pon de relevo a fase de atonía pola que atravesan tanto as exportacións como as importacións, aínda que o relativo paralelismo que rexistran as variacións dunhas e outras mantén a achega ó crecemento do sector exterior de bens nuns niveis parecidos ós vixentes no trimestre precedente. Evidentemente, o que está detrás da débil conxuntura exportadora é a difícil situación económica nos países da Unión Europea, aínda que os aumentos nos nosos prezos de exportación e a fortaleza do euro deben estar tamén influíndo en certa medida. Polo que se refire ás importacións, a súa evolución explícase fundamentalmente tanto pola propia conxuntura exportadora como pola situación de relativa estabilidade no crecemento da actividade da economía galega.

COMERCIO EXTERIOR. IMPORTACIÓNS -EXPORTACIÓNS





Polo que se refire ó turismo, os indicadores seguen dando mostras de debilidade, aínda que presentan unha certa tendencia cara á mellora, a súa ratificación dependerá en gran medida do que ocorra na tempada alta. Con relación ó primeiro trimestre do ano pasado, o número de viaxeiros

entrados nos establecementos hoteleiros galegos rexistrou un descenso do -13,5%, mentres que o número de pernoctacións reduciuse nun -12,9%. Sen embargo, este feito está moi influído polo cambio de datas da Semana Santa, que entre o ano pasado e o presente se desprazou desde o mes de marzo ata o mes de abril. De feito, se se considera o crecemento dos cinco primeiros meses, co que se compensa este efecto, o descenso redúcese ó -8,8% para o número de viaxeiros e ó -5,3% para o número de pernoctacións, cifras inferiores ás anteriores aínda que supoñan unha continuidade da tendencia descendente que ven mantendo o turismo cara á nosa comunidade desde mediados do ano pasado.

3.1.2. Demanda interna.

Os signos de mellora na demanda de consumo detéctanse tanto na evolución dos indicadores de rendas como dos indicadores directos de gasto.

MATRICULACIÓN DE TURISMOS – RENDA SALARIAL



O indicador de renda salarial real rexistrou un crecemento do 3% no primeiro trimestre, o dobre que no trimestre precedente e o maior desde o segundo trimestre do ano pasado. Este crecemento estivo apoiado en dous

puntais fundamentais. En primeiro lugar, no maior crecemento do emprego: O emprego asalariado, medido en termos das afiliacións á Seguridade Social deste colectivo, creceu a un ritmo do 3,5%, fronte a un crecemento do 2,5% no cuarto trimestre do ano pasado. En segundo lugar, nunha menor reducción do poder adquisitivo dos salarios, que pasou do -1% no cuarto trimestre do ano pasado ó -0,5% no período que estamos comentando. Á súa vez, a menor perda de poder adquisitivo foi a resultante dun maior crecemento dos salarios monetarios e dunha menor taxa de inflación, xa que, mentres o crecemento dos primeiros se elevou desde o 3,23 ata o 3,40%, a taxa interanual de inflación se reduciu desde o 4,3% ata o 4%. Polo tanto, os factores que interveñen no crecemento da renda dispoñible tiveron un mellor comportamento comparativo no primeiro tramo deste ano, como consecuencia, sobre todo, da favorable evolución do emprego e, en menor medida, dun certo repunte salarial que coexistiu cunha minoración das tensións inflacionistas.

A mellora dos indicadores de rendas, ó que habería que engadir a favorable situación das condicións de financiamento como consecuencia dos baixos tipos de xuro, correspondeuse, como xa sinalamos, cun repunte moi significativo dos principais indicadores do gasto de consumo.

As matriculacións de turismos creceron un 11,7% no primeiro trimestre, o que contrasta co descenso do 9,5% que experimentaron no trimestre precedente e coas caídas, algunhas especialmente fortes, que se rexistraron ó longo do ano pasado. Certamente, o feito de que a Semana Santa se trasladase este ano ó mes de abril influíu sen dúbida no forte crecemento do 19,1% que experimentaron en marzo as matriculacións desta clase de vehículos, pero, de tódolos xeitos, é de notar que as matriculacións de turismos levan varios trimestres mellorando en termos tendenciais.

ÍNDICE DE VENDAS DO COMERCIO



O Índice de ventas do comercio polo miúdo experimentou un crecemento interanual do 4,5%, fronte ó 1,8% de crecemento alcanzado no tramo final do ano pasado. En termos da serie deflactada polo IPC, a mellora é igualmente significativa, xa que neste caso o índice rexistra un crecemento do 0,6% fronte a un descenso do 2,3%. Os Outros bens de consumo e o Equipamento persoal foron os compoñentes do índice que tiveron un mellor comportamento, mentres que a Alimentación e o equipamento do fogar manteñen unha tónica de crecemento algo máis moderada.

A traxectoria de recuperación mantívose así mesmo nas importacións de bens de consumo, que aumentaron un 2,7% no primeiro trimestre logo de diminuír un 12,7% no cuarto trimestre de 2002. Aínda que os crecementos deste indicador son moi fluctuantes, a tendencia cara á mellora é así mesmo sostida, e ven percibíndose con claridade desde a segunda metade do ano pasado.

Baixo o impulso do investimento público, o investimento en construcción volveu ser o compoñente máis dinámico da demanda global da economía galega, e todo parece indicar que o seu papel no crecemento económico se verá reforzado nos próximos meses.

O investimento en construcción residencial rexistrou aínda unha caída interanual do 10,9% no primeiro trimestre, pero esta caída é xustamente a metade da rexistrada no trimestre precedente. A información dispoñible pon de manifesto que o punto máis baixo do ciclo da construcción residencial se alcanzou en realidade no terceiro trimestre do ano pasado, iniciándose a partir de entón unha recuperación que proseguiu durante o trimestre que comentamos e que debería intensificarse nun futuro máis ou menos inmediato. As razóns nas que se fundamenta este diagnóstico son, por un lado, o intenso repunte que experimentaron nos últimos meses as licencias de construcción de vivendas - tanto de nova planta como en rehabilitación - concedidas polos concellos e, en segundo lugar, cun carácter aínda máis anticipador no tempo, a forte recuperación dos visados de obra nova, ampliación e restauración. As primeiras experimentaron un crecemento do 63,8% no cuarto trimestre de 2002, e a súa actual tendencia é marcadamente ascendente; as segundas rexistraron así mesmo un aumento do 54,4% no tramo final do ano pasado, o cal corrobora que o repunte da construcción residencial privada dista de ser ocasional. Todo parece indicar, polo tanto, que a construcción residencial privada está iniciando en Galicia un novo ciclo ascendente, o cal ten moito que ver tanto co feito xeral dos baixos tipos de xuro prevalecentes en España como co feito máis específico de que os prezos da vivenda están crecendo na nosa comunidade a menor ritmo que no conxunto do estado. Como consecuencia disto, a accesibilidade da vivenda mantense en niveis comparativamente baixos a pesar do lixeiro empeoramento que experimentou no primeiro trimestre deste ano.

O investimento en construcción non residencial continúa sen embargo sen despegar. No primeiro trimestre deste ano rexistrou unha caída interanual do 17,3% o que supón a continuidade do ciclo contractivo que ven caracterizando a evolución deste compoñente do investimento en construcción desde comezos de 2000. Non obstante, é importante notar que os visados para a construcción de servicios comerciais e outros destinos tamén repuntaron fortemente nos catro últimos trimestres, o cal podería estar tamén anticipando unha recuperación do investimento en construcción non residencial, a súa materialización produciríase eventualmente no segundo semestre.

Pola súa parte, o investimento público segue mantendo unha traxectoria certamente espectacular. O crecemento interanual do primeiro trimestre situouse no 20,9%, cifra que se produce como consecuencia dun crecemento do 49,5% na edificación e do 28% na obra civil. Desde hai varios trimestres, o investimento público constitúe o principal soporte sobre o que se asenta o crecemento da economía galega, un papel que sen dúbida continuará desempeñando nos próximos trimestres á vista dos importantes aumentos que rexistrou a licitación oficial. Logo de aumentar un 90,9% en 2001, o importe da licitación oficial incrementouse un 20,3% en 2002, e a cifra de licitación alcanzada o ano pasado, 1.191 millóns de euros, asegura un importante nivel de actividade constructora pública sobre un horizonte temporal que se estende máis aló deste ano.

LICITACIÓN OFICIAL

Licitación oficial. Millóns de euros
Ciclo tendencia da serie periodificada e deflactada.



Polo que se refire ó investimento en equipo, os indicadores dispoñibles mostran un perfil moito máis positivo que en trimestres precedentes. A mellora é ostensible nas matriculacións de vehículos de carga, que rexistraron un aumento do 14,1% no primeiro trimestre en contraste co descenso do 8,6% observado no tramo final do ano pasado. E o é aínda máis nas importacións de bens de equipo, que crecen un 21,3% tras haber experimentado no trimestre anterior un descenso do 62,9%.

3.2. Producción

Contabilidade Trimestral de Galicia

Prezos Constantes (Base 1995)
Taxas de Crecemento Interanual da Ciclotendencia

	Galicia							
		2001		2002				2003
	2002	3º	4º	1º	2º	3º	4º	1º
VEB A PREZOS BÁSICOS								
Agricultura e Pesca	0,6	0,9	2,2	3,1	2,3	0,1	-2,9	-6,1
Industria	1,0	2,5	1,8	1,0	0,7	0,8	1,3	2,2
Construcción	3,1	4,8	4,3	3,5	3,0	2,8	3,0	3,6
Servicios	2,3	2,8	2,6	2,4	2,3	2,2	2,2	2,3
(Total non agrario)	2,1	2,9	2,6	2,2	2,0	1,9	2,1	2,5
Total VEB pb	2,0	2,8	2,6	2,3	2,0	1,8	1,8	1,9
PIB A PREZOS DE MERCADO	1,9	2,7	2,5	2,3	2,0	1,8	1,7	1,9

Impulsado polo maior dinamismo da demanda interna, e a pesar da debilidade do sector exterior e do mal comportamento do sector primario, o PIB da economía galega creceu un 1,9% no primeiro trimestre en termos de ciclo tendencia e un 1,7% en termos de series corrixidas de efectos estacionais e da calendario, un crecemento que supera en ámbolos dous casos en dúas décimas ó rexistrado no trimestre precedente e que rompe a traxectoria de desaceleración que viñera caracterizando a evolución da actividade económica galega desde o cuarto trimestre de 1999. Coa única excepción do sector primario, o repunte no crecemento estendeuse a tódolos sectores productivos, se ben foi o sector da industria o que rexistrou unha recuperación máis intensa.

PIB E VEB





3.2.1. Sector primario

O VEB do sector primario descendeu un 6,1% no primeiro trimestre de 2003, descenso que supón unha caída adicional de 3,2 puntos porcentuais con respecto ó crecemento do trimestre anterior. Dentro das ramas agrarias, tiveron un bo comportamento o sacrificio de gando, que repuntou con respecto ó trimestre precedente, e a producción forestal, mentres que a producción láctea e a agrícola presenta un comportamento menos expansivo. Foi o sector da pesca, influído polo afundimento do Prestige, o que presentou un peor comportamento dentro do sector primario. O afundimento do Prestige mantivo parada a flota de baixura e a actividade marisqueira durante todo o trimestre, que supón aproximadamente un 30% da rama pesqueira.

3.2.2. Sector industrial

O VEB do sector industrial experimentou un crecemento do 2,2%, como consecuencia dun incremento do 2,6% nas ramas enerxéticas e do 2,1% nas ramasindustriais. En comparación co trimestre precedente, o crecemento incrementouse nove décimas, como resultado á súa vez dun repunte de 3,4 puntos no crecemento das ramas enerxéticas e de dúas décimas nas ramas industriais.

O ton de relativa fortaleza que mostrou a actividade industrial no primeiro trimestre, así como a súa distribución entre as distintas ramas productivas, é congruente coa evolución do Índice de producción industrial elaborado por o INE con datos para Galicia dende xaneiro deste ano, que rexistrou no período que comentamos un crecemento do 7,1%. Atendendo á clasificación polo destino económico dos bens, os maiores crecementos corresponderon á Enerxía (13,9%), á producción de bens intermedios (9,2%) e á producción de bens de equipo (4,9%), mentres que, polo contrario, a producción de bens de consumo rexistrou un descenso interanual do 1,6% que é fundamentalmente a consecuencia da importante caída - do -14,9% - que experimentou a de bens de consumo duradeiros. Atendendo á natureza da actividade productiva, a producción de enerxía eléctrica, gas e auga, cun crecemento do 18,7%, e a industria manufactureira, cun crecemento do 5%, foron as ramas máis dinámicas, xa que a producción das industrias extractivas descendeu un 16%. Polo que se refire á producción de automóbiles, de gran importancia dentro da industria manufactureira galega, no primeiro trimestre rexistrouse unha caída do -0,9%, aínda que en termos tendenciais se observa tamén un repunte que continuou no segundo trimestre.

ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL



3.2.3. Construcción

O VEB do sector da construcción creceu a un ritmo do 3,6%, o que supón un aumento de seis décimas sobre o crecemento alcanzado no trimestre precedente. Como xa sinalamos no apartado correspondente á demanda, o crecemento do sector da construcción estivo impulsado polo forte aumento do investimento público e polo ton menos contractivo do investimento en construcción residencial, xa que o investimento en construcción non residencial continuou evolucionando á baixa.

Os indicadores contemporáneos da actividade constructora reflicten en liñas xerais o repunte que experimentou o sector no primeiro trimestre. O consumo aparente de cemento reduciuse un -10,3% nos tres primeiros meses do ano, pero este descenso foi menor que o rexistrado no trimestre anterior; en termos tendenciais, o consumo aparente de cemento mostra un repunte incipiente no período que comentamos, o cal resulta congruente coa recuperación que cabía esperar neste indicador á vista da favorable evolución que veñen mostrando as licencias de edificación de vivendas nos últimos meses para os que se dispón de información. Por outra parte, o crecemento dos afiliados á Seguridade Social no sector da construcción

tamén se intensificou: No primeiro trimestre, dito crecemento situouse no 3,5%, fronte ó 2,6% do cuarto. De igual modo, o repunte se detecta tamén nas cifras de ocupación da EPA, que rexistran un descenso no sector da construcción de tan só un -0,3% fronte a unha caída do -5,6% no cuarto trimestre do ano pasado.

CONSTRUCCIÓN – CONSUMO CEMENTO





3.2.4. Servicios

Finalmente, o VEB do sector servicios rexistrou un crecemento do 2,3%, cifra que supera nunha décima á do trimestre anterior e que é a consecuencia dun crecemento do 1,9% nos servicios de mercado e do 3,7% nos de non mercado.

Dentro dos servicios de mercado, os transportes, as comunicacións, as actividades inmobiliarias e o comercio, así como as actividades recreativas e culturais son as que tiveron un comportamento máis expansivo.

Os indicadores de transportes tiveron en xeral unha evolución bastante favorable. O tráfico aéreo de pasaxeiros incrementouse un 7% no primeiro trimestre, o que contrasta co descenso do -2,1% que tivo lugar no trimestre anterior; o peor momento para o transporte aéreo de pasaxeiros situouse nos trimestres centrais do ano pasado, e desde entón se observa unha mellora que proseguiu no segundo trimestre. O consumo de gasóleo tamén repuntou fortemente: No primeiro trimestre experimentou un crecemento interanual do 7,5%, cando no cuarto do ano pasado descendera un -5,1%. O único indicador do sector transportes que tivo un comportamento negativo é o tráfico marítimo de mercancías, que descendeu un 5,8% confirmando a tendencia descendente iniciada a comezos do ano pasado.

TRANSPORTE AEREO- TRANSPORTE MARÍTIMO





Por lo que se refire ó turismo, xa sinalamos o ton de debilidade que caracterizou a súa evolución no primeiro trimestre, reflectido na caída tanto do número de viaxeiros como de pernoctacións.

Atendendo á evolución da afiliación, destacan sobre todo os aumentos que tiveron lugar na actividade das ramas de actividade inmobiliarias (8,4%), da hostalería (3,6%), do comercio polo miúdo e por xunto – 2,6% e 2,5%, respectivamente -, no transporte terrestre (2,6%) e nas actividades recreativas, culturales e deportivas (4%) así como nas actividades diversas de servicios persoais (6,2%) por mencionar as de maior peso en canto á afiliación.

3.3. Mercado de traballo

A notable mellora que experimentou o mercado de traballo, tal como se pon de manifesto na evolución das súas principais magnitudes, constitúe un dos aspectos máis positivos da evolución da economía galega no primeiro trimestre. Esta nova mellora confirma a que cun carácter máis incipiente xa se observara no trimestre precedente, e é corroborada tanto polos datos da EPA como polos rexistros de afiliacións da Seguridade Social e do paro rexistrado do INEM.

A poboación activa galega alcanzou a cifra de 1.256.400 persoas no primeiro trimestre, o que representa un incremento interanual do 3,4% que equivale a un aumento de 41.700 persoas en termos absolutos. Este crecemento relativo do 3,4%, moi superior ó do seu correspondente español, consolida a tendencia á recuperación que xa viña mostrando a poboación activa galega desde mediados do ano pasado, e reflicte en todo caso unha mellora das perspectivas de emprego na nosa comunidade que se traduce nunha maior oferta de traballo e que debe estar relacionada a súa vez cunha percepción máis favorable dá nosa evolución económica.

Pola súa parte, a poboación ocupada ascendeu a 1.095.000 persoas no período que comentamos, o que supón un crecemento interanual do 4,1% que se corresponde cun incremento de 43.300 persoas en termos absolutos. O crecemento relativo sinalado, que tamén supera amplamente a media española, consolida así mesmo a traxectoria expansiva que xa iniciara o emprego no trimestre anterior, e esta vez foi a resultante de dúas tendencias que actuaron na mesma dirección: Por un lado, dun aumento do 0,7% na ocupación primaria, o cal ten moi probablemente un carácter excepcional pero que rompeu a tónica de fortes descensos que normalmente veu caracterizando o comportamento deste compoñente da ocupación na nosa comunidade. Por outro, dun forte crecemento, a un ritmo do 4,6%, na ocupación non primaria, un crecemento que desde hai varios trimestres está superando tamén ó seu correspondente español e

que no período que comentamos tivo no sector servicios o seu principal punto de apoio. O forte crecemento que está rexistrando a ocupación non primaria, tanto en termos absolutos como en comparación co promedio español, constitúe así mesmo un dos rasgos máis positivos do noso mercado de traballo, e supón unha sólida garantía para a evolución futura do emprego global unha vez que o emprego primario rexistre unha evolución máis normalizada.

Como consecuencia destes comportamentos, o paro diminuíu en 1.600 persoas en termos absolutos e un -0,9% en termos relativos, mentres que a taxa de paro sobre a poboación activa se reduciu seis décimas ó descender desde o 13,4% do primeiro trimestre do ano pasado ata o 12,8% no primeiro do actual. Considerada en si mesma, a reducción do paro foi modesta, pero desde unha perspectiva conxuntural é altamente significativa por canto supón tamén a ruptura da traxectoria fortemente ascendente que viñera rexistrando o paro ó longo de todo o ano precedente e, en especial, durante os seus dous últimos trimestres.

Mercado deTraballo

		Taxas de variación interanual			
	II trim. 2003	2001	2002	2003 1T.	2003 2T.
Ocupados EPA					
Primario	135.4	-9.4%	-12.8%	0.7%	-1.5%
Industria	218.3	11.0%	5.6%	1.2%	0.9%
Construcción	124.3	5.3%	2.4%	-0.3%	-7.9%
Servicios	628.3	3.0%	2.7%	7.1%	9.0%
Non primario	970.8	5.1%	3.3%	4.6%	4.6%
TOTAL	**1106.2**	**2.6%**	**0.9%**	**4.1%**	**3.8%**
Afiliados á Seguridade Social					
	II trim. 2003	2001	2002	2003 1T.	2003 2T.
Primario	99.9	-3.9%	-3.4%	-2.2%	-2.0%
Industria	164.9	3.1%	0.9%	0.2%	-0.3%
Construcción	118.3	5.2%	4.6%	3.5%	4.2%
Servicios	560.8	3.7%	3.3%	4.0%	4.1%
Non primario	844.0	3.8%	3.0%	3.2%	3.2%
TOTAL	**944.3**	**2.8%**	**2.2%**	**2.5%**	**2.6%**

Miles de persoas

Cando a evolución do mercado de traballo se analiza tomando como referencia as afiliacións e o paro rexistrado, a mellora é igualmente perceptible. Durante o primeiro trimestre deste ano, o número de afiliados á Seguridade Social situouse en 931.200 persoas en promedio, o que supón un incremento interanual de 23.100 persoas. En termos relativos, a afiliación experimentou un crecemento do 2,5%, cifra que se sitúa sete décimas por enriba da alcanzada no trimestre anterior. Certamente, a cifra de paro rexistrado - 154.000 persoas en promedio durante o primeiro trimestre - superou nun 5,9% á do primeiro trimestre do ano pasado, pero este crecemento foi moi inferior ó 9,3% que se alcanzou no cuarto trimestre de 2002. Tanto desde a perspectiva das afiliacións como do paro rexistrado, o punto de inflexión cara á mellora do mercado de traballo parece que correspondeu efectivamente ó cuarto trimestre do ano pasado, período no que se rexistraron os mínimos crecementos interanuais das afiliacións e os máximos crecementos interanuais do paro rexistrado. A partir de entón iniciaríase unha etapa de recuperación do emprego e de desaceleración do crecemento do paro tal vez menos intensa da que rexistra a EPA pero que continuaría no momento actual.

VARIACIÓNS INTERANUAIS- PARADOS-OCUPADOS



3.4. Salarios e Prezos

Contrastando co ocorrido no tramo final de 2002, as tensións inflacionistas moderáronse de forma significativa no primeiro trimestre, aínda que o feito de que as incertezas xeopolíticas aflorasen con especial intensidade nesta etapa provocou un repunte nos prezos do petróleo e do transporte que impediu que aquelas experimentasen unha desaceleración máis rápida. De tódolos xeitos, a inflación galega, ó igual que a española, mantívose aínda nun nivel comparativamente alto durante o período que comentamos, o cal ten moito que ver cuns ritmos de crecemento salarial que continúan situándose moi por enriba dos que está experimentando a productividade do traballo.

O IPC de Galicia a penas subiu unha décima no primeiro trimestre, o cal permitiu que a taxa interanual de inflación se reducira desde o 4,3% ata o 4% e que o diferencial con España descendera así mesmo desde o 0,3% ata o 0,2%. Esta mellora, tanto en termos absolutos como relativos, apoiouse case exclusivamente no compoñente Non alimentación do IPC, xa que o compoñente Alimentación do mesmo continuou mostrando un comportamento pouco satisfactorio. En efecto, mentres o compoñente Non alimentación experimentou unha caída do 0,5%, que permitiu rebaixar a correspondente taxa interanual desde o 4% ata o 3,7% e reducir unha décima o diferencial con España, o de Alimentación repuntou un 1% no trimestre, polo que a taxa interanual só rexistrou unha reducción dunha décima que deixou inalterado dito diferencial. Polo que se refire á inflación subxacente, a súa evolución foi moito máis positiva, xa que a caída do índice nun 0,6% permitiu reducir en medio punto a taxa interanual - ó descender a mesma desde o 3,9 ata o 3,4% - e rebaixar en dúas décimas - desde o 0,3% ata o 0,1% - o correspondente diferencial coa inflación española.

IPC. SUBXACENTE



No mal comportamento do compoñente Alimentación influíron tanto o grupo de Alimentación e bebidas non alcohólicas como o de Bebidas alcohólicas e tabaco. O primeiro rexistrou un aumento do 1,1%, polo cal a taxa interanual só se reduciu unha décima e o diferencial con España se incrementou lixeiramente. Dentro deste grupo, e atendendo á taxa de variación interanual, as rúbricas máis inflacionistas foron as froitas frescas (+10.5%), o peixe fresco e conxelado (+9,1%), as legumes e hortalizas frescas (+8,7%), os aceites e graxas (+7%), e os crustáceos, moluscos e preparados de peixe (+5%), mentres que o azucre e a pataca e os seus preparados son as únicas que experimentaron descensos de prezos. O segundo grupo rexistrou así mesmo un aumento do 1% como consecuencia sobre todo da suba de prezos do tabaco, o cal provocou un repunte de seis décimas na taxa interanual que sen embargo non impediu unha reducción do diferencial con España nesta mesma contía.

Dentro do compoñente Non alimentación, os distintos grupos continuaron tendo un comportamento bastante heteroxéneo, se ben dentro da tónica xeral de mellora á que antes nos referimos.

Atendendo ós aumentos intertrimestrais de prezos, os grupos máis inflacionistas foron o Transporte (+2,2%), que mantivo a súa escalada coincidindo co aumento de prezos do petróleo provocado pola guerra de Iraq; a Vivenda (+1,8%), que repuntou fortemente trala relativa contención do trimestre precedente; o grupo Outros (+1,5%), que tamén experimentou un forte repunte; os Hoteis, cafés e restaurantes (+1%), que de novo retoman unha tendencia alcista, e o Ensino (+0,8%), onde o crecemento se reduce non obstante notablemente con respecto ó forte aumento estacional do trimestre precedente. Polo contrario, o Vestido e o calzado, no que os prezos descenden un -10%, así como o Enxoval, que rexistra unha caída do -0,3%, foron os grupos que tiveron un comportamento máis antiinflacionista, aínda que isto se debe sobre todo, como no primeiro dos dous últimos casos citados, ó impacto puramente estacional das rebaixas.

Desde a perspectiva das taxas de variación interanual, os grupos máis inflacionistas foron o Ensino (+5%), que continúa mostrando unha gran resistencia á baixa e no que os impactos afectan tanto ó ensino infantil e primario como ó ensino superior; o Transporte (+4,7%), que polas razóns xa sinaladas mantivo a escalada xa iniciada a comezos do ano pasado; o Vestido e o calzado (+4,5%), onde os prezos veñen rexistrando ultimamente altos niveis de crecemento; os Hoteis, cafés e restaurantes (+4,4%), no que os ritmos de crecemento seguen sendo elevados aínda que no primeiro trimestre deste ano se desaceleraran de xeito significativo; e a Vivenda, xa que os prezos da mesma, como consecuencia sobre todo do aumento dos alugueiros, mostran unha clara tendencia alcista. O único grupo que está tendo un comportamento marcadamente antiinflacionista é, como xa ven sendo habitual, o de Comunicacións, onde os prezos descenderon a un ritmo do -3,8% que é parecido ó xa rexistrado en trimestres anteriores.

IPC ALIMENTACIÓN – NON ALIMENTACIÓN





Polo que se refire ós diferenciais de inflación con España, destacan sobre todo as diferencias positivas que continúan observándose en Vestido e calzado (1,2 puntos), as que comezaron a surxir na Vivenda (0,5 puntos), e as que así mesmo se detectan en Enxoval e servicios para o fogar e Ocio e cultura, cifradas en ambos casos en 0,3 puntos. En canto ós diferenciais negativos, destaca o bo comportamento comparativo dos prezos do grupo Outros (-0,6 puntos) e o dos Hoteis, cafés e restaurantes (-0,4 puntos), así como, o que parece aínda máis rechamante, o que mostran os Transportes e as Comunicacións con -0,2 puntos e -0,1 punto, respectivamente.

IPC. Taxas de Variación Interanuais sobre medias trimestrais			
1º trimestre de 2003 sobre 1º trimestre de 2002.			
Alimentos, bebidas e tabaco		Non alimentación	
Froitas frescas	10.5%	Calzado de muller	10.2%
Peixe fresco e conxelado	9.1%	Reparación do calzado	6.8%
Legumes e hortalizas frescas	8.7%	Servicios para o fogar	6.1%
Tabaco	7.2%	Transporte público urbán	5.7%
Aceites e graxas	7.0%	Complementos e reparacións de prendas de vestir	5.6%
Crustáceos, moluscos e preparados de peixe	5.4%	Conservación da vivenda	5.5%
Auga mineral, refrescos e zumos	4.7%	Ensino superior	5.3%
Productos lácteos	4.5%	Publicacións	5.1%
Carne de vacún	4.4%	Calzado de home	4.8%
Pan	4.1%	Transporte público interurbán	4.8%

Fonte: INE

No que concirne ó comportamento dos salarios, os resultados da negociación colectiva poñen de manifesto un repunte salarial de certa significación no primeiro trimestre, en liña co que tamén está sucedendo no conxunto do estado. En efecto, o incremento salarial pactado nos convenios firmados ata marzo na nosa comunidade situouse no 3,4%, como consecuencia dun incremento do 2,5% no sector agrario e dun crecemento do 3,4% nos sectores non agrarios derivado á súa vez, posto que ata marzo non se firmaran convenios no sector da construcción, dun incremento do 3,3% na industria e do 3,5% no sector servicios. Dito crecemento salarial do 3,4% superaba en dúas décimas ó pactado nos convenios firmados ata decembro do ano pasado, e coincidía na práctica co pactado no conxunto do estado.

INCREMENTO SALARIAL – CUSTOS LABORAIS

Incremento salarial pactado en convenio.
Variacións interanuais



Índice de custos laborais
Custo salarial. Variacións interanuais



3.5 Resume e Perspectivas

Resume

Dentro dun contexto internacional dominado polas tensións xeopolíticas que se suscitaron a raíz da guerra de Iraq, e a pesar do impacto negativo que exerceu o afundimento do Prestige sobre a actividade primaria, a economía galega mantivo unha evolución bastante satisfactoria no primeiro trimestre do ano, período que se caracterizou polo repunte que experimentou o crecemento económico, por unha intensa creación de emprego, e pola reducción que rexistraron as tensións inflacionistas. Baixo o impulso da demanda interna, a taxa interanual de crecemento do PIB situouse no 1,9% en termos de ciclo tendencia, un crecemento que se equipara ó alcanzado pola economía española e que supera amplamente, como ven sendo habitual nos últimos anos, ó que rexistrou a economía da UE durante o período que comentamos; en comparación co do trimestre precedente, o crecemento acelerouse dúas décimas, un repunte que é aínda modesto pero que pode estar marcando o final da fase de desaceleración económica e o comezo dunha nova etapa expansiva. O emprego, pola súa parte, creceu un 4,1% en termos interanuais, o que equivale á creación de 43.300 postos de traballo netos; trátase sen dúbida dun resultado especialmente brillante, como resultado, sobre todo, do forte dinamismo que en materia de emprego veñen mostrando desde hai anos os sectores non agrarios da economía galega. Polo que se refire ós prezos, cabe destacar a desaceleración que experimentou tanto o IPC xeral como a inflación subxacente, así como a reducción que experimentaron os seus correspondentes diferenciais coa inflación española. Sen embargo, na evolución recente da economía galega hai tamén algunhas notas preocupantes: Unha delas é a debilidade exportadora, moi condicionada pola adversa conxuntura europea; a outra, o repunte salarial, que pode truncar a favorable evolución que nos últimos meses está presentando a inflación.

A demanda global da economía galega mostrou un comportamento bastante entoado no primeiro trimestre, xa que a debilidade do sector exterior foi amplamente contrarrestada pola recuperación que experimentou a demanda interna. Medidas en euros constantes, as exportacións de bens rexistraron un descenso do –4,2% e as importacións aumentaron un 0,2%, a pesar do cal a taxa de cobertura elevouse lixeiramente desde o 67% ata o 68,1%. A evolución do comercio exterior de bens pon polo tanto de releve a fase de atonía pola que atravesan tanto as exportacións como as importacións, aínda que o relativo paralelismo que se observa nas variacións dunhas e outras mantivo a achega ó crecemento do sector exterior de bens en niveis parecidos ós do trimestre precedente. Polo que se refire ó turismo, os indicadores seguen dando mostras de debilidade, se ben presentan unha certa tendencia cara á mellora, que podería confirmarse na tempada alta. Contrastando con estes comportamentos, a demanda interna repuntou dun xeito bastante vigoroso, impulsada sobre todo polo consumo privado e polo investimento público. Os indicadores do consumo privado rexistraron unha mellora significativa, que se apoiou sobre todo no aumento do poder adquisitivo como consecuencia da favorable evolución do emprego, da reducción das tensións inflacionistas, e dunha nova reducción nos tipos de xuro. O investimento privado en construcción atravesa aínda unha fase de crecementos negativos, pero a situación está mellorando de forma rápida a medida que tamén o fai o investimento en construcción residencial. O investimento público segue sendo o compoñente máis dinámico da demanda global, xa que o seu ritmo de crecemento, verdadeiramente excepcional, se situou en niveis superiores ó 50%. Finalmente, o investimento en equipo mostra así mesmo síntomas de recuperación, pero a súa traxectoria ascendente non está aínda consolidada.

Impulsado polo maior dinamismo da demanda interna, e a pesar da debilidade do sector exterior e do mal comportamento do sector primario, o PIB da economía galega creceu un 1,9% no primeiro trimestre, un crecemento que supera en dúas décimas o rexistrado no trimestre

precedente e que rompe a traxectoria de desaceleración que viñera caracterizando a evolución da actividade económica galega en trimestres precedentes. O VEB do sector primario rexistrou un descenso do 6,1%, o que supón unha caída adicional que estivo fundamentalmente motivado pola parada que rexistrou neste período a flota de baixura e a actividade marisqueira como consecuencia do afundimento do Prestige. O VEB do sector industrial experimentou un crecemento do 2,2%, como consecuencia dun incremento do 2,6% nas ramas enerxéticas e do 2,1% nas ramas industriais. En comparación co trimestre precedente, o crecemento incrementouse nove décimas, como resultado á súa vez dun repunte de 3,4 puntos no crecemento das ramas enerxéticas e de dúas décimas nas ramas industriais. O VEB da construcción creceu a un ritmo do 3,6%, o que supón un aumento de seis décimas sobre o crecemento alcanzado no trimestre precedente. O crecemento do sector da construcción estivo impulsado polo forte aumento do investimento público e polo ton menos contractivo do investimento en construcción residencial, xa que o investimento en construcción non residencial continuou evolucionando á baixa. Finalmente, o VEB do sector servicios rexistrou un crecemento do 2,3%, cifra que supera nunha décima á do trimestre anterior e que é a consecuencia dun crecemento do 1,9% nos servicios de mercado e do 3,7% nos de non mercado. Dentro dos servicios de mercado, as ramas que tiveron un comportamento máis expansivo foron os transportes, as comunicacións, e as actividades inmobiliarias e o comercio, así como as actividades recreativas e culturais.

A notable mellora do mercado de traballo, tal como o poñen de manifesto os resultados da EPA, constitúe o aspecto máis positivo da evolución da economía galega no primeiro trimestre. A poboación activa galega alcanzou a cifra de 1.256.400 persoas no período que comentamos, o que representa un incremento interanual do 3,4% que supera a media española e que equivale a un aumento de 41.700 persoas en termos absolutos. Pola súa parte, a poboación ocupada ascendeu a 1.095.000 persoas no período que comentamos, o que supón un crecemento interanual do 4,1% que

supera así mesmo a media española e que se corresponde cunha creación neta de emprego de 43.300 persoas en termos absolutos. Como consecuencia destes comportamentos, o paro diminuíu en 1.600 persoas en termos absolutos e un -0,9% en termos relativos, mentres que a taxa de paro sobre a poboación activa, ó situarse no 12,8%, experimentou unha reducción de seis décimas con respecto á do primeiro trimestre do ano pasado. Considerada en si mesma, a reducción foi modesta, pero desde unha perspectiva conxuntural é altamente significativa por canto supón a ruptura da traxectoria ascendente que viñera mostrando o paro ó longo de todo o ano precedente e, en especial, durante os seus dous últimos trimestres. Por outra parte, estas tendencias son tamén corroboradas cando a análise do mercado de traballo se efectúa tomando como referencia as cifras de afiliacións e de paro rexistrado. A cifra de afiliacións situouse en 931.200 persoas en promedio, o que supón un incremento interanual de 23.100 persoas e un incremento relativo do 2,5%, cifra esta última que se sitúa sete décimas por enriba da alcanzada no trimestre precedente. Certamente, a cifra de paro rexistrado - 154.000 persoas de promedio no primeiro trimestre - aínda superou nun 5,9% á do primeiro trimestre do ano pasado, pero este crecemento foi moi inferior ó 9,3% que se alcanzou no cuarto trimestre de 2002.

A diminución das tensións inflacionistas foi outra das características relevantes da evolución recente da economía galega. O IPC de Galicia a penas subiu unha décima no primeiro trimestre, o cal permitiu que a taxa interanual de inflación se reducira desde o 4,3% ata o 4% e que o diferencial con España descendera así mesmo desde o 0,3% ata o 0,2%. Polo que se refire á inflación subxacente, a súa evolución foi aínda máis positiva, xa que a caída do índice nun 0,6% permitiu reducir en medio punto a taxa interanual - ó descender a mesma desde o 3,9% ata o 3,4% - e rebaixar en dúas décimas - desde o 0,3% ata o 0,1% - o correspondente diferencial coa inflación española. Polo que se refire ó comportamento dos salarios, os resultados da negociación colectiva poñen de relevo un repunte de certa significación no primeiro trimestre, en liña co que tamén ocorreu a

nivel español. En efecto, o incremento salarial pactado nos convenios firmados en Galicia ata marzo situouse no 3,4%, cifra que supera en dúas décimas o incremento pactado nos convenios firmados ata decembro do ano pasado e que coincidía na práctica co pactado no conxunto do estado. O repunte ó que fixemos referencia é así mesmo corroborado polos resultados da enquisa sobre Costes Laborales elaborada polo INE, aínda que a súa intensidade é neste caso moito maior. Segundo esta enquisa, o custo laboral por traballador e mes aumentou un 6,1% no primeiro trimestre, cifra que supera en case un punto porcentual o crecemento observado no conxunto do estado e que é a resultante dun incremento do 5,3% no custo salarial e do 8,3% nos outros custos. Tal como sinala o INE, o crecemento no custo laboral por persoa estivo certamente influído polo aumento dos pagos atrasados en aplicación das cláusulas de revisión salarial, pero o seu nivel debe ser considerado en calquera caso preocupante por canto supón unha ameaza para a evolución futura da inflación.

Perspectivas

	FONTE	PERÍODO	DATO DO TRIMESTRE		% VARIACIÓN SOBRE IGUAL PERÍODO ANO ANTERIOR		% VARIACIÓN ACUMULADA NO QUE VAI DE ANO	
1. Sector exterior								
Exportacións (Millóns de euros correntes)	IGE	II Trim. 03	880.952	(1)	15,1		12,3	
Importacións (Millóns de euros correntes)	IGE	II Trim. 03	871.224	(1)	4,2		3,0	
Saldo comercial (Millóns de euros correntes)	IGE	II Trim. 03	-9.727	(1)				
2. Demanda interna								
Renda salarial real	IGE	II Trim. 03	3,8		1,2	(2)	0,3	(2)
Índice de vendas de comercio polo miúdo	IGE	II Trim. 03	116,4		2,6		3,6	
Utilización capacidade b. Consumo (%)	MCYT	II Trim. 03	75,5		-6,1	(2)	-4,3	(2)
Matriculación de turismos (Nº unidades)	DGT	II Trim. 03	5.943,3	(1)	2,0		6,4	
Matriculación de vehículos de carga (Nº unidades)	DGT	II Trim. 03	1.023,3	(1)	0,4		6,7	
Utilización capacidade b. Investimento (%)	MCYT	II Trim. 03	83,8		3,6	(2)	4,4	(2)
Vivendas a construir (Nº vivendas)	IGE	I Trim. 03	1.700,0	(1)	28,8		28,8	
Licitación oficial. Obra civil (millóns de euros correntes)	FOMENTO	Xan-abr. 03	84,6	(1)	137,2		137,2	
Clima industrial b. Consumo (%)	MCYT	II Trim. 03	-4,1		-9,7		-11,8	
Accesibilidade á vivenda	IGE	II Trim. 03	40,4		-1,6	(2)	-0,2	(2)
Edificación non residencial (Miles de m² a construir)	IGE	I Trim. 03	43,7	(1)	-5,8		-5,8	
3. Producción								
Índice de producción industrial	INE	II Trim. 03	107,4		2,0		4,5	
Clima industrial. Total industria (%)	MCYT	II Trim. 03	-16,2	(1)	-16,3	(2)	-12,3	(2)
Utilización capacidade. Total industria (%)	MCYT	II Trim. 03	81,2		-1,2	(2)	-0,2	(2)
Poboación ocupada industria EPA (Miles de persoas)	INE	II Trim. 03	218,3		0,9		1,1	
Consumo aparente de cemento (Miles de TM)	OFICEMEN	II Trim. 03	255,3	(1)	4,5		2,1	
Poboación ocupada construcción EPA (Miles de persoas)	INE	II Trim. 03	124,3		-7,9		-4,1	
Viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros (mil.)	IGE	II Trim. 03	248,3	(1)	-4,1		-8,0	
Nº pernoctacións en establecementos hoteleiros (mil.)	IGE	II Trim. 03	480,4	(1)	-0,4		-5,4	
POBOACIÓN OCUPADA SERVICIOS EPA (Miles de persoas)	INE	II Trim. 03	628,3		9,0		8,0	
Tráfico marítimo de mercadorías (Miles de TM)	Puertos del estado	II Trim. 03	2.279,6	(1)	-2,3		-4,0	
TRANSPORTE AÉREO DE PASAXEIROS (Miles de persoas)	Fomento	II Trim. 03	225,0	(1)	8,7		7,9	
POBOACIÓN OCUPADA AGRARIA EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	135,4		-1,5		-0,4	
4. Mercado de traballo								
Poboación activa EPA (Miles de persoas)	INE	II Trim. 03	1.255,0		3,8		3,6	
Poboación ocupada.non agrario. EPA (miles de persoas)	INE	II Trim. 03	970,8		4,6		4,6	
Poboación ocupada total. EPA (miles de persoas)	INE	II Trim. 03	1.106,2		3,8		4,0	
Afiliacións á seguridade social (Miles de persoas)	MTAS	II Trim. 03	944,3		2,6		2,6	
Poboación parada. EPA (miles de persoas)	INE	II Trim. 03	148,7		3,6		1,2	
Taxa de paro. EPA (%)	INE	II Trim. 03	11,9		0,0	(2)	-0,3	(2)
Paro rexistrado (Miles de persoas)	MTAS	II Trim. 03	143,5	(1)	3,9		4,9	
5. Salarios e prezos								
Custo salarial por traballador (euros)	INE	II Trim. 03	1.234,8		1,6		3,4	
Incremento salarial pactado en Convenio (%)	MTAS	II Trim. 03	3,3		0,4	(2)	0,4	(2)
IPC	INE	II Trim. 03	107,2	(1)	3,0		3,5	
IPC alimentación	INE	II Trim. 03	108,4	(1)	3,8		4,0	
IPC non alimentación	INE	II Trim. 03	106,8	(1)	2,8		3,0	

(1) Media Mensual
(2) Variación en puntos porcentuais

Ó finalizar o primeiro trimestre de 2003, a situación xeopolítica está moito máis despexada que hai uns meses, pero as incertezas que pesan sobre o panorama económico internacional distan de haber desaparecido. As dúbidas sobre a recuperación afectan tanto ás principais economías europeas como á economía norteamericana, aínda que a confianza no repunte da actividade económica parece máis acentuada nesta última economía. Como xa apuntamos, a isto están sen dúbida contribuíndo as políticas de estímulo monetario e fiscal postas en práctica desde hai tempo ó outro lado do Atlántico, ó que hai que engadir o impacto expansivo da cotización do dólar. Certamente, o estímulo monetario dos baixos tipos de xuro tamén se está notando en Europa tralas últimas decisións adoptadas polo BCE, pero o estímulo fiscal está sendo moito máis moderado que en Estados Unidos e a apreciación do euro está exercendo un impacto contractivo. Pola súa parte, a economía española sigue mantendo unha traxectoria de crecemento moderado, que o Ministerio de Economía sitúa algo por enriba do 2%.

Dentro deste contexto, as perspectivas sobre a evolución a curto prazo da economía galega son fundamentalmente as seguintes:

a) A contribución do sector exterior ó crecemento económico seguirá sendo probablemente limitada nos próximos meses. As exportacións de bens poderían repuntar lixeiramente, pero non cabe esperar un crecemento continuado das mesmas ata que se consolide a recuperación económica internacional e, en particular, na Unión Europea. Segundo a OCDE, esta última non se xeneralizará ata o primeiro semestre de 2004, polo cal o seu impacto sobre as exportacións galegas non debería ser moi forte no que resta de ano. Polo que se refire ó turismo, as perspectivas son moderadamente optimistas de cara á tempada alta, aínda que o resultado final dependerá en boa medida da evolución xeral da conxuntura española, do impacto das campañas de promoción do turismo postas en práctica pola Xunta de Galicia, e da competitividade dos noso prezos turísticos.

b) O consumo privado seguirá sendo o principal soporte da actividade económica, e estará apoiado en dous puntais fundamentais: En primeiro lugar, no aumento do emprego, que continuou crecendo a bo ritmo no segundo trimestre a tenor da favorable evolución que mostraron durante o mesmo as afiliacións á Seguridade Social. En segundo lugar, na mellora da inflación, que en promedio experimentou tamén unha mellora significativa no segundo trimestre. Todo o anterior anticipa unha recuperación da renda real dispoñible á que habería que engadir o impacto favorable das rebaixas adicionais nos tipos de xuro e das rebaixas de impostos, cunha incidencia que pode ser moi significativa.

c) A contribución do investimento en construcción ó crecemento económico debe acentuarse aínda máis a medida que avance o ano. Por un lado, as licencias de construcción concedidas polos concellos continuaron crecendo a bo ritmo nos últimos meses para os que se dispón de información, o que confirma a continuidade do novo ciclo expansivo que se iniciou no sector da vivenda privada. Por outro lado, a licitación oficial volveu rexistrar un importante crecemento a principios deste ano, un crecemento que se acumula ó de trimestres anteriores e que asegura un alto nivel de actividade no ámbito do investimento público. O sector da construcción non residencial é o que mostrou ata agora un ton máis deprimido, pero as tendencias apuntan cara a unha mellora nos próximos meses.

d) Polo que se refire ó investimento en bens de equipo, cabe tamén esperar que continúe a mellora, pero a súa intensidade dependerá da evolución futura dos seus principais factores determinantes. As condiciones de financiamento xogan claramente a favor da recuperación do investimento, xa que a reducción do custo do capital constitúe un claro aliciente para investir. Sen embargo, a resposta final dependerá fundamentalmente da evolución que rexistre a demanda global da economía galega, xa que o investimento en equipo está moi influído polas expectativas de crecemento. De momento, os indicadores

dispoñibles - matriculacións de vehículos de carga, importacións de bens de equipo - experimentaron un repunte moi significativo, o que constitúe un sinal positivo.

Todo parece indicar, polo tanto, que a evolución a curto prazo da economía galega seguirá dependendo de dous tipos de forzas: Por un lado, do impacto expansivo da demanda interna, que provirá sobre todo do consumo privado e do investimento público e que podería estenderse nos próximos meses, con maior ou menor intensidade, ós restantes compoñentes da demanda global. Por outro lado, dun impacto moderadamente contractivo do sector exterior, que ten a súa orixe na debilidade da conxuntura europea e onde o signo non cambiará de xeito significativo mentres a recuperación económica da Unión Europea non se consolide. De calquera xeito, a evolución da economía galega seguirá sendo favorable en termos comparativos, xa que o seu ritmo de crecemento previsible volverá superar amplamente o promedio europeo.

Previsións macroeconómicas (2003)

Taxas de variación anuais

	2003
GASTO EN CONSUMO FINAL DOS FOGARES RESIDENTES	2,8
GASTO EN CONSUMO FINAL DAS AA.PP.	4,5
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL	5,6
DEMANDA INTERNA	3,8
EXPORTACIÓNS	1,4
IMPORTACIÓNS	4,2
SALDO EXTERIOR (*)	-1,5
PIB A PREZOS DE MERCADO	2,3
POBOACION OCUPADA	2,5

Prezos constantes.
(*) Achegas ó crecemento do PIB.

SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA

II. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA

II.1. MERCADOS MONETARIOS E DE DÉBEDA

O exercicio de 2003 volve a ser, dende o punto de vista das condicións financeiras, un ano que permitíu manter elevados ritmos de financiamento cara os axentes económicos privados, podendo resumirse nos seguintes puntos as características fundamentais:

Novos descensos nos tipos de intervención fixados polo Banco Central Europeo e a Reserva Federal.

Tendencia á apreciación do euro respecto do dólar estadounidense.

Movemento descendente dos tipos de xuro a corto prazo ata o mes de xuño, iniciándose a partir de ahí e ata a metade de setembro unha tendencia alcista, volvendo a rexistrarse a partir deste momento unha nova relaxación nos niveis dos tipos de xuro. A curva se invirte pasando a ter pendiente positiva.

Movemento lateral nos tipos a medio e longo prazo, que se sitúan a primeiros de outubro nos mesmos niveis que a principio do exercicio.

Recuperación moderada dos índices bursátiles a partir do primeiro trimestre e ata o mes de setembro, onde novamente se rexistran caídas nos seus niveis absolutos.

Indicadores monetarios e financeiros

	2002	2003				
		Xaneiro	Marzo	Maio	Xullo	Setembro
TIPOS DE XURO						
TIPOS OFICIAIS (1)						
Area Euro	2,75	2,75	2,50	2,5	2,00	2,00
Estados Unidos	1,25	1,25	1,25	1,25	1,00	1,00
Xapón	0,15	0,15	0,15	0,15	0,15	0,15
INTERBANCARIO (2)						
Euribor a 3 meses	3,32	2,83	2,53	2,40	2,13	2,15
Euribor a 12 meses	3,49	2,71	2,41	2,26	2,08	2,26
DÉBEDA PÚBLICA (3)						
A 3 anos	3,94	2,85	2,66	2,53	2,56	3,07
A 10 anos	4,92	4,27	4,13	3,92	4,06	4,30
PROMEMORIA						
Pendente da curva (10a-3m)	1,60	1,44	1,60	1,52	1,93	2,15
Nivel Interest Rate Swap (10a)	5,048	4,362	4,237	4,021	4,110	4,318
TIPOS DE CAMBIO						
Dólar/Euro	0,945	1,0622	1,0807	1,1582	1,1372	1,169
Variación porcentual acumulada no periodo	14,10	4,3	6,1	13,7	11,6	14,7
Yen/Euro	118,07	126,12	128,16	135,83	134,99	129,95
Variación porcentual acumulada no periodo	9,5	1,5	3,1	9,3	8,6	4,6
INDICES BURSÁTILES (4)						
IBEX 35	-28,10	-1,50	-2,80	7,80	17,00	11,30
Eurostoxx	-34,50	-5,80	-14,60	-0,50	7,40	0,40
Standard & Poors 500	-23,40	-2,70	-3,60	9,50	12,60	14,40
Nikkei 225	-18,60	-2,80	-7,10	-1,80	11,50	23,20
AGREGADOS MONETARIOS (5)						
Depósitos de AAPP e sector residente en Galicia	7,75		8,86		7,27	
Créditos a AAPP e sector residente en Galicia	11,01		9,67		10,84	

Fonte:Banco Central Europeo,Banco de España, Reuters e elaboración propia.

(1) A final de periodo.
(2) Media mensual.
(3) Zona Euro.
(4) Variación porcentual ó longo do periodo transcurrido no ano.
(5) Taxas de variación interanual.

As autoridades monetarias da área do euro e do dólar aplicaron novamente descensos nos seus tipos centrais de intervención no exercicio 2003, como

consecuencia da debilidade económica e a práctica ausencia de perigos inflacionistas no medio prazo. Así, o BCE baixou os tipos en 25 puntos básicos no mes de marzo e en 50 puntos básicos no mes de xuño, quedando situados na actualidade no 2% para o seu tipo principal de financiamento. Pola súa banda, a Reserva Federal decidiu a mediados de ano unha nova baixada dun cuarto de punto, deixando situado o tipo no 1%.

TIPOS DE INTERVENCIÓN

Tipos de intervención: Banco de España (BCE) e Reserva Federal (FED)



Neste contexto económico de debilidade, marcado ademáis pola apreciación que estaba a vivi-lo euro, os tipos de xuro a curto prazo iniciaron unha senda descendente que se mantivo ata o mes de xuño, momento no que a curva de tipos a corto prazo presentaba unha posición invertida, con tipos a 12 meses inferiores ós tipos a 1 mes, nunha clara aposta por parte dos mercados de novos descensos nos tipos oficiais. Así, a mediados do mes de xuño, o euribor a un ano se situaba 20 puntos básicos por debaixo do euribor a 1 mes e mesmo do tipo central de invervención –1,94% fronte ó 2,15% e o 2% respectivamente-.



A partires de mediados de xuño e como consecuencia dos datos económicos que melloraban as expectativas de crecemento internacionais, especialmente de Estados Unidos e Xapón, os tipos de xuro, especialmente no prazo de 12 meses, comenzaron unha senda ascendente que durou ata mediados de setembro, momento no se produce un cambio de perspectivas, especialmente no relativo á consistencia dos incipientes datos de crecemento económico das economías anteriormente citadas. A xeito de resume, sinalar que os tipos a 1 mes a 1 ano se situaban a principios de exercicio no 2,899% e no 2,734%, situándose o euribor a 1 mes nun mínimo do 2,115% o 19 de agosto, estando a principios de outubro no 2,103%, mentres que o 12 meses rexitrou o seu mínimo o 16 de xuño –1,929%-, presentando en outubro un 2,117%. Esto supón, en definitiva, que ata o mes de agosto a curva de tipos a curto prazo presentou unha pendiente negativa, positivizándose a partir de ese momento ata a actualidade, na que asistimos a unha curva prácticamente plana.



Os rendementos da débeda a longo prazo non foron axenos ás incertidumes respecto da fortaleza económica. Así, dende principios de exercicio ata o mes de marzo se produce un descenso na rentabilidade dos bonos –incremento do precio-, que tras un paréntesis dun mes se reactiva cun forte incremento na demanda deste tipo de activos como activos refuxio, producíndose en consecuencia un descenso na rentabilidade dos mesmos ata mediados de xuño. Nestas datas o bono a 10 anos español se situaba no 3,52%, o bund alemán no 3,49% e o T-Bond norteamericano en niveis do 3,15%, o que suponía unha reducción da rentabilidade dende inicios do exercicio de 77, 73 e 71 puntos básicos respectivamente. A partires deste momento e ata principios de setembro comenza un forte incremento nos tipos de xuro da débeda, momento a partir do cal e tra-las novas incertidumes sobre o proceso de recuperación económica internacional, comenza un novo proceso de baixada, que leva a situa-la rentabilidade deste tipo de activos en niveis similares ós que se rexistraban

a principios de exercicio. En definitiva, se producen movementos de ida e volta nuha tendencia que podemos denominar como lateral.

Cabe resaltar tamén o maís que proporcional descenso rexistrado nos T-Bond, que levan a reduci-lo diferencial respecto do bund alemán dende os 40 puntos básicos rexistrados no mes de agosto ata os pouco máis de 5, volvendo á tendencia rexistrada ó longo de todo o exercicio de presentar rentabilidades por debaixo da débeda alemana e española. O movemento reflectido polos Interest Rate Swaps seguiu os mesmos patróns que a débeda.



Un último dato a sinalar é o relativo á pendiente da curva de tipos de xuro, que podemos aproximar polo diferencial entre os tipos a 10 anos e os tipos a 3 meses. Este diferencial se foi incrementando de xeito progresivo ó longo do exercicio, pasando dende os 144 puntos básicos do mes de xaneiro ata os 215 de setembro, o que supón un incremento de 70 puntos na pendente positiva da curva.

II.2. MERCADOS BURSÁTILES

Os perfiles de incertidume que marcaron a evolución dos mercados de renta fixa condicionan, como é lóxico, os rendementos da renta variable.

A evolución das Bolsas europeas correou paralela á de Estados Unidos, mostrando o IBEX 35 unha tendencia similar se ben distinta nos seus niveis, como consecuencia da maior fortaleza da economía española respecto da mayoría de países europeos. Así, ata o mes de marzo, se continua co descenso de precios que caracterizaron exercicios pasados, pasando a partir dese momento a rexistrarse movementos alcistas inversos ós rexistrados na renta fixa e motivados nos datos positivos sobre o horizonte económico. Se inicia así un período de 5 meses, unha vez eliminadas as principais incertidumes sobre o conflicto bélico de Irak, nos que se chega a acumular un crecemento de case o 18% no índice IBEX 35 respecto do nivel de principios de exercicio. Este incremento prácticamente

duplica o rexistrado por outros índices de referencia europeos, como consecuencia da maior fortaleza relativa da economía española.

Non obstante, as dúbidas relativas á fortaleza do crecemento xurdidas recentemente levaron a un proceso de corrección durante o mes de setembro, mes no que se acumularon perdas nos principais índices de referencia, de xeito que as ganancias acumuladas ó longo do exercicio se reduciron ata o 11,3% no caso do IBEX35 ou ata o 0,40 no caso do Eurostoxx dende o 7,40% acumulado a finais de xullo. No caso do Standard & Poors 500 os beneficios dende principio de exercicio acadan o 14,4%.

II.3. MERCADOS CAMBIARIOS

O euro proseguiu coa apreciación respecto do dólar que viña amosando xa a finais do exercicio 2002 ata os meses de verán, momento no que a mellora das expectativas económicas en Estados Unidos provocaron unha corrección importante no tipo de cambio, pasando dende niveis cercanos ós 1,20 dólares por euro ata niveis inferiores ó 1,10 a principios de setembro, momento no que novamente se inicia unha apreciación do euro ata niveis do 1,16 dólares/euro.

TIPO DE CAMBIO: DOLAR/EURO

II.4. AGREGADOS MONETARIOS

O primeiro semestre de 2003 estivo caracterizado pola debilidade económica dunha parte importante dos paises que compoñen a Unión Europea, xunto coas dúbidas que aínda persisten sobre a recuperación dos Estados Unidos e de Xapón .

DIFERENCIAL CRÉDITOS - DEPÓSITOS



Estas circunstancias levaron a un relaxamento da política monetaria, que se plasmou na UE en sendas rebaixas dos tipos de xuro oficiais en 25 e 50 puntos básicos nos meses de marzo e xuño respectivamente, ata quedar establecido no 2% actual. Estas rebaixas dos tipos de xuro tradúcense nunhas maiores facilidades de acceso ó crédito que axudan, xunto coa reducción do custo de oportunidade de manter efectivo, a que o agregado monetario M3 se situe na Unión Europea no 8,5% fronte ó obxectivo do 4,5% previsto pola autoridade monetaria. Malia o anterior, este maior

crecemento do M3 non xerou, en termos xerais, excesivas tensións inflacionistas.

No caso de España e de Galicia o diferencial dos tipos de xuro reais situouse en termos practicamente nulos ou incluso negativos, propiciando o mantemento de elevadas taxas de medra do financiamento do sector residente. Apréciase, non obstante, un leve agotamento no derradeiro trimestre de 2002 e no primeiro de 2003, aínda que volta novamente a repuntar no segundo trimestre deste exercicio, así, no mes de xuño a medra interanual do crédito residente en Galicia sitúase no 10,84 % , lixeiramente por baixo da media española, que acadou o 13,77 %.

TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL. CRÉDITOS E DEPÓSITOS



As entidades crediticias que amosan un maior crecemento son as caixas de aforros, que continuan a gañar terreo ós bancos, aínda que estes seguen a manter unha posición dominante neste mercado, en concreto absorben o 52,54% da cuota total fronte ó 46,99% das caixas de aforros. Estas

porcentaxes amosan, non obstante, unha pérdida do 1,70% por parte dos bancos nos últimos 12 meses.

CRÉDITOS E DEPÓSITOS



Esta medra crediticia, ademáis de permitir o financiamento do investimento e do consumo, serve como estratexia de dimensión ás entidades crediticias para tentar manter as marxes da sua conta de resultados nun contexto de baixos tipos de xuro.

No referente ós depósitos do sector residente, no primeiro semestre de 2003 presentan en Galicia unha medra interanual do 7,27%, tamén lixeiramente inferior á media española, que se situa no 8,54%.

Nesta magnitude continuan as caixas de aforros a amosarse como as entidades máis dinámicas, reforzando a posición de dominio que xa mantiñan en anteriores exercicios. En concreto, o 57,52% do mercado é absorbido polas caixas, fronte a un 41,75% dos bancos. Esto representa

unha perda de cuota de mercado do 3,59% dos bancos , cecais máis volcados en captación de recursos ó traverso de productos de fora de balance que rematan por drenar os propios depósitos.

Financiamento dos sectores non financeiros.

Taxas de variación anual

	2003 Mm	Dec 2000	Dec 2001	Dec 2002	Mar. 2003	Xuño 2003
Empresas e familias	28,63	16,65	17,13	12,38	10,22	10,67
Administracións Públicas	1,49	-9,65	4,89	-12,46	-0,54	14,10
TOTAL	30,12	14,60	16,38	11,01	9,67	10,84

Finalmente, resaltar que ó igual que ven sucedendo nos últimos exercicios, o tradicional diferencial negativo en Galicia entre depósitos e créditos vese reducido un ano máis, neste caso en 814 mill. , minorando o superavit dos depósitos ata os 1.311 mill. , o que supón reducir nun 79,84% a existente en 1996.

O ORZAMENTO DO 2004: ESTRATEXIA E OBXECTIVOS BÁSICOS

III. O ORZAMENTO DO 2004: ESTRATEXIA E OBXECTIVOS BÁSICOS

III.1. O MARCO SOCIOECONÓMICO DE PARTIDA

A análise que cómpre facer sobre a situación actual da economía de Galicia á hora de enmarcar a elaboración dos orzamentos para 2004 ten que se distanciar de dous riscos evidentes: fuxir, por unha banda, de calquera triunfalismo; evitar, por outra parte, a visión pesimista que ás veces se tenta transmitir.

Hai que congratularse dos acertos obtidos nestes últimos anos, que non foron froito da casualidade, senón a expresión dunha política de desenvolvemento impulsada polo goberno autonómico ó longo dese periodo.

Esta política caracterizouse, basicamente, por dúas notas. A primeira delas defínese por un marcado carácter estratéxico nos plantexamentos, obxectivos e liñas de actuación, de xeito que se apostou, na primeira liña de prioridades, pola capitalización da economía, levando a cabo un importante esforzo en infraestructuras e en capital humano.

Abordouse, tamén, un esforzo notorio no apoio ós sectores productivos, que se traduciu nuns cambios que son certamente evidentes. En paralelo, deúselle un maior protagonismo ás políticas de xestión dos patrimonios cultural, histórico e natural, así como á sociedade da información.

A segunda nota da política de desenvolvemento rexional baseouse no seu carácter temporal do longo prazo. Tódolos expertos coinciden en sinalar que o desenvolvemento rexional é cuestión de longo prazo, porque corrixir os problemas estructurais, crear e impulsar novas fontes de crecemento e emprego, non son propósitos posibles a curto e medio prazo.

1. Unha década de modernización

Nos aspectos macroeconómicos, pódese constatar que na recente década dos anos noventa e nos primeiros anos deste século a economía galega tivo un comportamento que se pode cualificar de moi positivo.

Neste senso, pódese dicir que:

- É unha economía que converxe
- É unha economía moderna
- É unha economía que mellora a súa productividade
- É unha economía aberta
- É unha economía competitiva

Certamente o proceso de converxencia foi unha realidade no período considerado: Galicia conseguiu converxer dous puntos con España e case 10 puntos coa Unión Europea. Os factores máis dinámicos que soportaron esta positiva evolución foron, na primeira parte da década, o turismo e as exportacións e, na segunda metade, o comportamento moi dinámico da industria e da construcción.

A afirmación de que a economía de Galicia é moderna, susténtase no proceso de terciarización experimentado na devandita década, na perda de peso relativo do sector primario e no pulo da industria.

Ademais, a economía galega presenta unha mellora substancial da súa productividade, aínda que as súas posicións distan aínda das economía do noso entorno, como é evidente no caso do sector primario.

Por outra parte, o grao de apertura da nosa economía é notable: nos anos analizados produciuse un incremento notable do ritmo de exportacións e importacións, con taxas de cobertura no comercio exterior moi aceptables e

un índice de apertura (relación existente entre importacións+ exportacións/PIB) que gañou posicións.

Polo que atinxe á competitividade, a economía galega resistiu ben o proceso de globalización, presenta uns niveis aceptables de inflación e uns costos salariais moderados.

2. A creación de emprego

Se se fala en termos de emprego, houbo unha profunda transformación na estructura do mercado laboral, acorde, sen dúbida, coas modificacións experimentadas na estructura.

Se produce un incremento no número de activos e unha importante creación de emprego neto nos sectores da industria e dos servicios, sobre todo a partir de 1997. En conxunto, dende esa data ata o final do ano 2002, xeráronse 187.700 empregos nos sectores non agrarios, que compensaron a perda de 55.400 empregos no sector primario, cunha resultante de 132.300 empregos netos. A pesar de todo, Galicia segue presetando unha taxa de paro aínda elevada.

Estas melloras no ámbito económico foron acompañados de importantes avances no benestar social, consecuencia das políticas sociais desenvolvidas ó longo da década, con recursos orzamentarios que medraron máis dun 150% e que permitiron dar respostas axeitadas no ámbito sanitario, educativo, de servicios sociais, atención a maiores, conciliación da vida laboral e familiar.

III.2. UNHA NOVA POLÍTICA ECONÓMICA

Visto o comportamento recente da economía galega, no que se reflicte un crecemento sostido ó longo da última década, paga a pena examinar a súa traxectoria inmediata. O primeiro que destaca é o notable nivel de solidez amosado pola economía galega e as súas condicións actuais para aproveitar a próxima recuperación da economía internacional.

1. Aproveitar a conxuntura actual

A imaxe dunha economía atrasada non ten nada que ver coa actual realidade económica da Comunidade Autónoma de Galicia. Algúns datos avalan esta tese:

- A economía galega inviste máis do 28% do seu PIB, superando amplamente o promedio investidor da economía española, o que explica o extraordinario avance e modernización do noso sistema productivo nos últimos anos

- É unha economía que exporta o 25,1% do seu PIB ós países máis avanzados do mundo, o que a converte na quinta rexión española en potencial exportador

- É unha economía na que a industria representa o 19,3% do seu PIB e os servicios máis do 54% (o 61% en termos de VAB), o que permite modular o peso do sector primario, aínda importante

- É unha economía moderna, suficientemente diversificada, o que permitiu afrontar os problemas económicos e sociais derivados da catástrofe do “Prestige”, sen riscos especiais

- O consumo privado estase a recuperar, tal e como o pon de manifesto o Índice de Ventas do Comercio Minorista

- O investimento en Bens de Equipo estase a reanimar.
- A producción industrial creceu un 4,5% nos seis primeiros meses deste ano 2003, moi porriba da media española.
- A Enquisa de Poboación Activa correspondente ó segundo trimestre de 2003 indica que se crearon 42.000 novos empregos, o que supón un incremento do 3,8% en taxa interanual, que se elevaría ó 4,6% se consideramos os sectores non agrarios.

Non se pode esquecer, nembargantes, que a pesar dos avances Galicia é todavía unha comunidade autónoma con problemas de desenvolvemento económico, aínda que está a repuntar a pesar do contexto internacional e do “Prestige”.

Hai que fuxir do triunfalismo, pero tampouco non se deben deixar de recoñecer os datos positivos, como que o noso PIB per cápita, segundo as cifras de Eurostat, acada xa o 64,7 da media da UE-15, que sería o 71,3 na Europa de 25 países, aínda que non se acepte unha mera converxencia estatística, como elemento definitorio da nosa converxencia real.

É obvio que as prioridades do presente orzamento só atopan un correcto entendemento dende a súa incardinación nunha política económica que dea sustento ás grandes cifras presupostarias. A recente traxectoria da economía galega amosaba nos últimos tempos unha certa ralentización nas súas taxas de crecemento, que facía necesaria a súa adaptación ás novas realidades, necesidade que se fixo máis evidente logo do accidente do “Prestige”.

Semella evidente que os grandes obxectivos contidos no Plan Estratéxico de Desenvolmento de Galicia (Pedegá) non poden variar, pero a elaboración e filosofía do Plan de Dinamización Económica, feito para minimizar os posibles impactos negativos do accidente do petroleiro,

anticipaba as características desta nova política económica, que ten a súa primeira plasmación no texto orzamentario de 2004.

Deste xeito, continúan a ser obxectivos fundamentais:

- Obter uns niveis de crecemento que fagan posible incrementa-lo proceso de converxencia
- Incrementar a creación de emprego
- Fortalecer o benestar social
- Impulsar a Sociedade do Coñecemento e as políticas de I+D+i

Logo do accidente do "Prestige" e do comportamento certamente menos dinámico do crecemento do PIB galego nos dous últimos exercicios, aínda que con notorias diferencias co comportamento do PIB da UE e da meirande parte dos países da zona euro, e logo, ademais, da posta en marcha do Plan de Dinamización Económica, faise necesario introducir un punto de inflexión na política económica desenvolvida ata agora.

2. Dinamizar a economía productiva

Por eso, e aproveitando as potencialidades do Plan de Dinamización e do Plan Galicia, é preciso definir unha nova política económica, que supón un axuste na estratexia de crecemento -que deu os seus froitos pero que cómpre adaptar ás novas necesidades- e que ven caracterizada por varias notas:

- Incrementa-lo capital económico público por ocupado, xa que estamos por debaixo da media española, o que constitúe un factor decisivo para a mellora da productividade. Neste senso, os esforzos en infraestructuras do Plan Galicia e do Plan de Dinamización apuntan nesta dirección, pois

máis do 80% de tódolos investimentos previstos dedícanse á mellora do capital económico público.

As novas autovías proxectadas permitirán que as sete grandes cidades galegas queden conectadas entre sí por medio de autovías ou autoestradas, o que da unha nova dimensión a un entorno de dous millóns de persoas. O tren de alta velocidade que unirá Galicia con Madrid en menos de tres horas, os investimentos previstos en portos, as infraestructuras en telecomunicacións, a mellora de infraestructuras eléctricas e gasísiticas especialmente na Costa da Morte, así como os investimentos en infraestructuras pesqueiras que permitirán incrementa-lo valor engadido en orixe se configuran como actuacións que van a permitir un cambio cuantitativo e cualitativo na dotación de capital público. A estes aspectos compre sumar a política de investimento en solo industrial e a construcción de parques de tecnoloxía alimentaria, como exemplo da proximidade máxima entre o capital productivo e capital público.

Todos estes aspectos permitirán incrementos diferenciais do PIB da economía galega mentres duren os investimentos pero ademáis, sentarán as bases para futuros incrementos da competitividade e, en definitiva, do VEB dos diferentes sectores productivos.

- Incrementar, ó mesmo tempo, o capital productivo privado por ocupado, aspecto no que aínda estamos nun 28% afastados da media. Neste senso, as facilidades crediticias e de financiamento postas en marcha nos últimos tempos, no campo dos apios ó investimento, a prestación de garantías, a subsidiación de xuros, a creación do programa de microcréditos ou a posibilidade de recursos propios posta en marcha a través da sociedade e os fondos de capital risco, dibuxaban un completo programa de apoio ó investimento empresarial, que se veu mellorado aínda máis coa posta en marcha de novos e adicionais programas de

apoio ó investimento configurando, moi probablemente, un conxunto de medidas de promoción empresarial único.

Tanto estas medidas de incremento do capital económico público como as de impulsto do capital productivo privado por ocupado permitirán mellorar o baixo nivel de productividade que presenta a economía galega, a pesar de que se recuperaron importantes posicións neste terreo ó longo dos últimos anos.

- É preciso, ademais, aumenta-lo capital tecnolóxico, pulando os esforzos públicos en I+D+i pero tamén incrementando a implicación das empresas privadas nos gastos de investigación e desenvolvemento. O Plan de Dinamización tamén contén importantes avances neste terreo, que se plasman xa no actual orzamento.

- Finalmente, os principios do Plan de Dinamización suponen unha aposta renovada e decidida polo crecemento equilibrado, tratando de romper a actual dicotomía entre a franxa costeira máis dinámica e o interior con menos capacidade de crecemento mediante a creación das Areas de Dinamización Prioritaria das provincias de Lugo e Ourense, que contarán cunha importante actuación en dotación de solo industrial e un esquema de incentivos ó investimento productivo actractivo e diferenciado.

3. Mellorar a competitividade

Todo esto tense que vencellar a outras directrices, se se quere de natureza instrumental, pero non por eso menos importantes.

Compre fortalece-la acción exterior, cuestión na que se avanzou notablemente nos últimos tempos, pero na que existen aínda posibilidades notables para mellorar a promoción comercial e a nosa oferta turística.

Por outra banda, hai que favorece-la cooperación empresarial. Todos somos conscientes da importancia que teñen as nosas grandes empresas,

pero tamén somos conscientes de que outras medianas e pequenas empresas galegas deben buscar fórmulas de cooperación sectorial, que lles permitan defender intereses comúns e desenvolver políticas de expansión en novos mercados e países.

Non se pode esquecer, ademais, o traballo para acrecentar a nosa competitividade. Galicia exporta a España e ó resto do mundo un 60% do PIB, o cal significa que o mantemento da competitividade das nosas exportacións resulta vital para a continuidade do noso desenvolvemento. Dende unha perspectiva a longo prazo, esto implica un forte compromiso coa innovación tecnolóxica e coa mellora da calidade; pero a curto prazo establece unha fonda reflexión sobre a adecuación do incremento dos salarios ó crecemento da productividade do traballo.

4. Potenciar o turismo

Galicia foi, é e seguirá sendo unha comunidade cunha gran base industrial, de aí o apoio para potencia-los clusters en sectores tradicionais, pero o desenvolvemento do sector servicios, e moi especialmente do turismo, debe ocupar un lugar prioritario no noso sistema de prioridades.

A razón que aconsella a potenciación do sector servicios é obvia: nos últimos anos a creación de emprego correspondeulle en boa medida, case que fundamentalmente, a este sector. Ademais, non se pode esquecer que o turismo é a primeira industria privada galega en termos de valor engadido, o que obriga a consolidala e estendela a través da mellora na calidade da oferta, o impulso do turismo estranxeiro ou a promoción do turismo temático. Neste senso, non se pode esquecer, ademáis, que o próximo ano 2004 vai ser Ano Xacobeo.

III.3. OS OBXECTIVOS DO ORZAMENTO DE 2004

Dende este punto de vista, os retos do futuro, que terán carácter de prioritarios nos presupostos da Comunidade Autónoma para 2004, pasan por:

- Superar o impacto negativo da catástrofe do "Prestige"
- Recuperar a senda do crecemento e da converxencia, que poderían correr risco de ralentización polo impacto do petroleiro, con crecementos diferenciais sobre o Estado e a UE que nos sitúen nun período razonable no 90% e o 80% do PIB p.c. respectivamente.
- Reducir a taxa de paro.
- Mellorar, as políticas sociais
- Aproveitar as potencialidades do Xacobeo 2004

Así, no que atinxe ás estimacións macroeconómicas, as previsións de crecemento do PIB apuntan a que sería posible un incremento superior en 0,8 puntos ó medre do PIB español, favorecido pola aposta dos investimentos públicos vencellados ó Plan de Dinamización e polo impulso turístico derivado do Ano Xacobeo.

No tocante ás estimacións en materia de emprego, as estimacións apuntan a que sería posible un incremento da ocupación dun 2,5%, o que significa un incremento do número de ocupados que ronda as 26.000 persoas.

1. Investimentos productivos

A política de apoio ó incremento do investimento público, tanto de natureza orzamentaria como en colaboración co sector privado, atopa unha renovada plasmación se se ten en conta a ampla previsión de

investimentos vencellados ós programas deseñados no Plan de Dinamización para a recuperación e modernización de zonas e sectores afectados pola catástrofe do “Prestige” así como da mellora da competitividade do conxunto do territorio.

Así, o orzamento do vindeiro ano considerará prioritario todo o gasto adicado á normalización da situación na Costa da Morte, a comarca máis danada polos vertidos do petroleiro, o resto de investimentos en capital público previstos no Plan de Dinamización así como as medidas de impulso ó investimento privado.

2. Manter o proceso de converxencia

Coa posta en marcha da nova política económica téntase extraer o potencial dos sectores productivos galegos, incrementando a súa competitividade e facendo que a dotación de capital productivo privado por ocupado se vaia achegando ós valores medios do Estado.

Por outra banda, é preciso seguir medrando no esforzo para obter unha maior dotación do capital tecnolóxico galego, tarefa na que semella imprescindible a cooperación do sector privado, a fin de garantir unha política de I+D+i acorde coas necesidades reais do tecido productivo e das empresas.

3. Incrementar o emprego

A principal fonte de creación de emprego ten que ser o propio dinamismo da economía galega, fortalecido polo impulso específico que se lle da ós investimentos para o próximo exercicio.

Por outra banda, os bos resultados acadados polo “Plan Labora”, así como a evolución das cifras de emprego e afiliacións á Seguridade Social, fan

confiar en que a traxectoria da ocupación siga coa súa tendencia positiva e, xa que logo, que se produza unha reducción da taxa de paro.

4. As políticas sociais

Resulta evidente que a atención continuada que se lle presta ás políticas sociais por parte da Xunta é unha proba do compromiso do executivo por mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Neste senso, o incremento do nivel asistencial en materia de sanidade, as medidas de apoio ás familias, as actuacións para conciliar a vida laboral e familiar ou as prestacións para asistencia de maiores e desfavorecidos, así como o apoio á emigración, seguen a ser para o Goberno prioridades no vindeiro ano.

5. O Ano Xacobeo

A positiva incidencia do turismo na boa traxectoria do sector servicios na pasada década está vencellada, tamén, á excelente acollida que ten a oferta plantexada pola Comunidade Autónoma nos anos xacobeos.

O feito de ser o próximo ano 2004 ano xubilar fai presaxiar un excelente comportamento do sector turístico, o cal, polas súas cifras de negocio, constitúe a primeira empresa privada galega. Cómpre pois facer un esforzo orzamentario para mellorar a calidade da oferta turística de Galicia.

III.4 A ESTRATEXIA ORZAMENTARIA

A decidida política da Xunta de Galicia por manter un axeitado nivel nas políticas sociais, ó mesmo tempo que se continúa a poñe-los énfasis nos gastos de capital, esixe diversas actuacións sobre a previsión da evolución dos ingresos e en relación ó financiamento de infraestructuras con capacidade de xeneración de fluxos futuros que permitan a sua autosuficiencia financeira.

Neste senso, se prevé a posta en marcha do tramo autonómico do imposto sobre hidocarburos, coa finalidade de mellora-lo nivel de prestacións sanitarias ós cidadáns e para seguir avazando na mellora medioambiental, sobre todo no relativo ó saneamento e abastecemento de augas. A súa instrumentación se realiza de xeito que se minimiza o impacto nas ramas de actividade que dispoñen dos hidrocarburos como consumo intermedio.

Por outra banda, se prevé contar cun programa de endebedamento concreto, específico, nunha cuantía de trinta millóns de euros, coa finalidade de facer fronte a parte dos gastos asociados á mellora integral das infraestructuras da Costa da Morte, dando con eso resposta axeitada á prioridade do Goberno de minimizar o impacto negativo derivado do “Prestige” sen poñer en perigo outras partidas de gastos consideradas prioritarias.

Cabe, asimesmo, facer referencia ás posibilidades de financiamento de infraestructuras capaces de xenerar a súa autosuficiencia financeira. Neste senso, o exercicio de 2004 supón un novo avance neste campo. Despois de ter establecido esta vía de financiamento para a Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, se extende este modelo ó programa de solo industrial, amparado ademáis nos acordos do Consejo de Política Fiscal e Financeira que permiten o endebedamento para a adquisición de activos financeiros representativos de participacións en capital de empresas que operen en condicións de mercado, permitindo así a liberación de recursos

con destino a políticas sociais ou de investimento en capital público. As cantidades previstas no orzamento deste exercicio adicadas a esta finalidade se elevan a 8,9 millóns de euros, que no caso do solo industrial permitirán facer fronte a un programa de investimento na creación de parques empresariais de máis de douscentos millóns de euros no trienio 2004-2006, ós que se deberáin engadir os máis de 80 millóns a realizar a través da sociedade Solo Empresarial do Atlántico constituida conxuntamente coa SEPI, cunha aportación pola sua banda que supera os setenta millóns de euros.

Finalmente, e avanzando na realización de infraestructuras en colaboración co sector privado, a recente lei de concesións ó sector privado abre unha vía de creación de capital público que será aproveitada ó longo do exercicio para abordar determinadas infraestructuras de comunicación que cumplan cos requisitos de poder identificar costes unitarios de utilización da mesma.

III.5. EVOLUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS

Orzamento consolidado 2004/2003 (*)			
	2003	2004	Crec.
INGRESOS			
Ingresos correntes	6.549.748	7.086.428	8,2%
Ingresos de capital	785.013	816.497	4,0%
INGRESOS NON FINANCEIROS	7.334.761	7.902.925	7,7%
GASTOS			
Gastos correntes	5.528.058	5.870.033	6,2%
Gastos de capital	1.713.314	1.963.808	14,6%
GASTOS NON FINANCEIROS	7.241.372	7.833.841	8,2%

(*) En miles de Euros.

O total de ingresos non financeiros evoluciona a unha taxa do 7,7%, como consecuencia do incremento dun 8,2% dos ingresos correntes e dun 4,0% dos ingresos de capital. Pola sua banda, o crecemento dos gastos non financeiros alcanza o 8,2%, subindo un 6,2% os gastos correntes e un 14,6% os gastos de capital -un total de 250,5 millóns de euros-.Destaca, dentro da evolución dos capítulos de gastos corrientes, a caída do 9,6% nos gastos financeiros, consecuencia da reestructuración de operacións de débeda que se teñen levado a cabo ó longo do exercicio de 2003.

Aforro bruto 2004/2003 (*)			
	2003	2004	Crec.
Ingresos correntes	6.549.748	7.086.428	8,2%
Gastos correntes	5.528.058	5.870.033	6,2%
AFORRO BRUTO	1.021.690	1.216.395	19,1%

En termos absolutos, os ingresos correntes medran en case 537 millóns de euros, namentres que os gastos correntes o fan en 342 millóns, de xeito que co incremento que se produce no aforro corrente se poden financiar a práctica totalidade do crecemento diferencial que rexistran os gastos de capital fronte ós ingresos –219 millóns de euros-, facendo fronte ós restantes 30 millóns mediante unha operación de endebedamento.

Deste xeito, o aforro corrente se situa en 1.216 millóns de euros, rexistrando un crecemento importante con respecto ó orzamento do 2003 dun 19,1%, consolidando e mesmo reforzando a tendencia de crecemento que se ven dando dende hai xa bastantes anos e que teñen permitido incrementos diferenciais dos gastos de capital en cuantías moi elevadas.

Evolución do aforro bruto
(Millóns de euros)



O plan de dinamización económica, como mostra do novo impulso ó proceso de converxencia que se pretende dar a Galicia, incide especialmente no incremento do investimento público, especialmente o productivo, como consecuencia dos efectos que o mesmo produce tanto de xeito directo na evolución do PIB como nos efectos inducidos que levan a súa vez a un incremento do investimento productivo privado. Deste xeito, se explica o incremento do 14,6% nos gastos de capital, o que supón un

diferencial de 6,4 puntos porcentuais respecto da evolución do conxunto de gastos non financeiros. Este diferencial se debe en boa parte ó crecemento do investimento público directo, que medra un 15,8% frente á medra dun 13,5% dos gastos de capital do capítulo VII.

Gastos de capital (Capítulos VI e VII)			
	2003	**2004**	**Crec.**
Capítulo VI	849.062	982.885	15,8%
Capítulo VII	864.252	980.923	13,5%
Total VI e VII	**1.713.314**	**1.963.808**	**14,6%**

(*) En miles de Euros.

Como consecuencia da importante suba dos gastos de capital, o superávit non financeiro se reduce con respecto ó exercicio pasado nun 26%. Pola súa banda, a variación neta de activos financeiros se incrementa nun 15,6%, o que finalmente supón un incremento dos pasivos financeiros de 38,9 millóns de euros. Deste endebedamento, 30 millóns van adicados a financiar gastos de capital derivados da implementación do plan de dinamización nas zonas e sectores máis afectados polos verquidos do ***Prestige***; en concreto, para financiar parte do montante de investimento en mellorar os accesos por carretera da Costa da Morte, portos e infraestructuras pesqueiras. Os restantes 8,9 millóns van adicados a financia-la adquisición de activos financeiros representativos das participacións en empresas que se considera que operan en mercado dende o punto de vista da contabilidade nacional, e que dende o punto de vista do SEC95 poden ser financiados mediante débeda pola sua característica de ser activos que se autofinancian.

A continuación, se presenta dun xeito resumido as contas presupostarias para 2004.

Conta orzamentaria 2004

	2003	2004	Crec.
Ingresos non financeiros	7.334.761	7.902.925	7,7%
Gastos non financeiros	7.241.372	7.833.841	8,2%
DEFICIT/SUPERAVIT NON FINANCEIRO	**93.389**	**69.084**	**-26,0%**
Ingresos financeiros	414.313	259.750	-37,3%
Ingresos por activos financeiros	665	665	0,0%
Ingresos por pasivos financeiros	413.648	259.085	-37,4%
Gastos financeiros	507.702	328.834	-35,2%
Gastos por activos financeiros	94.054	108.649	15,5%
Gastos por pasivos financeiros	413.648	220.185	-46,8%
Variación neta operacións financeiras	**- 93.389**	**- 69.084**	**-26,0%**
Variación neta activos financeiros	- 93.389	-107.984	15,6%
Variación neta pasivos financeiros	-	- 38.900	
TOTAL ORZAMENTO	**7.749.074**	**8.162.675**	**5,3%**

(*) En miles de Euros.

O CADRO MACROECONÓMICO DOS ORZAMENTOS

IV. O CADRO MACROECONÓMICO DOS ORZAMENTOS

A evolución da economía internacional para o ano 2004 segundo tódolos organismos internacionais está marcada pola continuación da traxectoria de recuperación económica que xa se prevé para finais de 2003. O cambio do ciclo económico foi máis lento do esperado, sobre todo na Unión Europea, onde hai países que no segundo trimestre de 2003 aínda seguían en traxectoria descendente. As previsións de crecemento do ano 2004 son superiores ás do 2003 para as principias economías mundiais.

Para España as previsións seguen a mesma pauta cíclica. A economía española desacelerouse menos que a economía europea e segundo as previsións internacionais e a do Ministerio de Economía a economía no ano 2003 experimentará un crecemento algo superior ó do ano precedente e no ano 2004 este crecemento será case un punto superior ó do exercicio actual situándose segundo o Ministerio no 3'0%.

Galicia. 2004

Diferencias de crecemento con España

	2004
GASTO EN CONSUMO FINAL DOS FOGARES RESIDENTES	-0,2
GASTO EN CONSUMO FINAL DAS AA.PP.	-0,2
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL	5,4
DEMANDA INTERNA	1,3
SALDO EXTERIOR (*)	-0,8
PIB A PREZOS DE MERCADO	0,8
POBOACIÓN OCUPADA (Taxa de variación interanual)	2,5

Prezos constantes.
(*) Achegas ó crecemento do PIB.

Tendo en conta estas previsións sobre a conxuntura externa e o obxectivo de incrementa-lo ritmo de converxencia e de xerar emprego da política orzamentaria autonómica, espérase que o crecemento galego para o ano 2004 acade un diferencial, en termos reais, con respecto ó do estado de 0'8 puntos porcentuais, o que supón un forte crecemento con respecto ó ano 2003 e a confirmación da recuperación económica.

Este diferencial de crecemento susténtase nos seguintes puntos:

1. Forte incremento do investimento público estatal derivado da aplicación do Plan Galicia, 1.045,2 millóns de euros, que suporán un incremento do 37% con respecto ó investimento realizado en 2003.

2. Incremento do investimento en equipo debido á acusada sensibilidade cíclica desta variable e o incremento do investimento público realizado pola Comunidade Autónoma en virtude do Plan de Dinamización Económica.

3. Gasto en consumo final dos fogares crecerá en 2004 a un ritmo superior ó de 2003 impulsado polo esperado forte ritmo de crecemento do emprego, o mayor crecemento económico, a reducción das tensións inflacionistas que se espera que continúen a tendencia decrecente rexistrada ó longo de 2003 e o mantenemento duns tipos de xuro en niveis mínimos históricos que facilitarán unhas boas condicións de financiamento do gasto das familias. Un factor limitativo deste incremento podería ser o menor crecemento dos salarios pero á súa vez este menor incremento facilitaría o mantenemento dunha inflación contida.

4. Mellora significativa da achega do sector exterior impulsada por dous factores significativos: maior crecemento económico no entorno comercial galego que permitirá aumentar o ritmo exportador e sobre todo polo crecemento do gasto en consumo dos non residentes que

se espera sexa elevado pola celebración do Xacobeo 2004 e as políticas de promoción turística.

Polo que se refire ó emprego, a estimación de crecemento da ocupación total para o ano 2004 é do 2’5%, similar á que se espera para este ano e que está motivada polo forte ritmo esperado de crecemento económico e pola contención da caída da ocupación no sector primario. Este crecemento resulta inferior ó do PIB o que implica un maior aumento da productividade aparente por ocupado.